



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1665/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 19 de abril de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día dezanove de abril de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro, Sr. Pardo Espiñeira, incorpórase á reunión no punto 11 da orde do día.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso,.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(268).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 9 de abril e ordinaria do 12 de abril de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(269).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 258007/301.**

Visto o informe de fiscalización do 12/04/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 11/04/2024, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo (258007-301)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo (258007-301)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 12 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do Servizo de Teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas do 20.12.2023 (trámite nº 34), con Anexo I do 15.12.2023 (trámite nº 35), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (04.01.2024; trámite nº 64) e a demais documentación necesaria.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (576.000,00€, IVE incluído), que se imputará á aplicación nº 2310.227.99.11 - “Teleasistencia” dos orzamentos municipais, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:*

- 2024: 136.000€, IVE incl.
- 2025: 192.000€, IVE incl.
- 2026: 192.000€, IVE incl.
- 2027: 56.000€, IVE incl.

*TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 15 de marzo de 2024 adoptou a seguinte resolución:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo (258007-301) na seguinte orde descendente:*

<b>ORDE</b>	<b>LICITADORES</b>	<b>TOTAL PUNTUACIÓNS</b>
<b>1º</b>	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U.	<b>100 PUNTOS</b>
<b>2º</b>	CLECE, S.A.	65,79 PUNTOS

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U., o día 15 marzo de 2024, que presenta a documentación requirida o 1 e 2 de abril de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil, o obxecto social e o apoderado, xunto coa declaración de vixencia dos datos que constan na inscrición.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (96.000,00 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (96.000,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir ao contrato segundo o esixido no PCAP.
- Seguro de caución por un importe cada un de 27.692,31 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 5 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 11 e 12 de marzo de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo (258007-301) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 576.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.153,85 euros.*
- b) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do DEZASETE E NOVENTA E CINCO POR CENTO (17,95%).*
- c) *Propón un incremento do servizo de teleasistencia mediante liña telefónica móbil a maiores das demandadas no PPT - 30% das persoas usuarias titulares- (en caso afirmativo, elixir opción):*
  - *Teleasistencia mediante liña telefónica móbil para un 25% das persoas usuarias titulares do servizo a maiores das demandadas no PPT.*
- d) *Comprométese a incrementar a instalación de sensores e detectores no fogar de presenza, de gas e monóxido de carbono, de fume, de inundación e de apertura de portas nun 10% a maiores do esixido no PPT (10%).*
- e) *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(270).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA (BIBLIOTECAS PÚBLICAS, AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO E SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA). EXPTE. 5206/330.**

Visto o informe de fiscalización do 12/04/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 11/04/2024, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

- b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos á Área de Cultura (bibliotecas públicas, auditorio municipal do Concello e servizo da Área de Cultura) (5206-330)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos á Área de Cultura (bibliotecas públicas, auditorio municipal do Concello e servizo da Área de Cultura) (5206-330)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 26 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado, dos servizos de mantementos preventivos e correctivos das instalacións de climatización e calefacción, regulado por normativas legais de aplicación, nos equipamentos adscritos á Área de Cultura, en concreto as Bibliotecas Públicas (Biblioteca Pública “Juan Compañel”, Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” e Casa Galega da Cultura), o Auditorio Municipal do Concello e o propio servizo da Área de Cultura.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 12 de xaneiro de 2024, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.*

*3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 16 de xaneiro de 2024, redactado pola técnica de administración xeral.*

*4º.- Autorizar o gasto por importe total de 30.564,60 € (25.260,00 €, sen IVE, máis 5.304,60 € correspondentes de IVE), con cargo ás seguintes aplicacións presupostarias e anualidades:*

2024 (9 meses: abril-décembro)	2025 (12 meses: xaneiro-décembro)	2026 (3 meses: xaneiro-marzo)
11.461,68 €	15.282,30 €	3.820,62 €

\* En 2024.- (9 meses: abril-décembro)



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

3321.227.99.00 "Prestación de servizos": 7.441,74 €

3331.227.99.00 "Traballos e servizos": 2.009,97 €

3340.227.99.00 "Traballos e servizos": 2.009,97 €

\* En 2025.- (12 meses: xaneiro-decembro)

3321.227.99.00 "Prestación de servizos": 9.922,32 €

3331.227.99.00 "Traballos e servizos": 2.679,99 €

3340.227.99.00 "Traballos e servizos": 2.679,99 €

\* En 2026.- (3 meses: xaneiro-marzo)

3321.227.99.00 "Prestación de servizos": 2.480,58 €

3331.227.99.00 "Traballos e servizos": 670,02 €

3340.227.99.00 "Traballos e servizos": 670,02 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 21 de marzo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos á Área de Cultura (bibliotecas públicas, auditorio municipal do Concello e servizo da Área de Cultura) (5206-330) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	Oferta (sen IVE)
1	ACEUVE, S.L.U.	19.058,41 €
2	ENERTEC CONTROL, S.L.	22.760,00 €
3	MONCOBRA, S.A.	23.335,38 €

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACEUVE, S.L.U., para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva, e no seu caso, complementaria, cando así se esixa no apartado 9 das FEC.
2. Nomeamento do/a delegado/a do contrato, acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, declaración de ausencia

*de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas e declaración de non estar incurso en prohibición para contratar, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*

3. *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC, agás cando posúa a clasificación indicada neste apartado."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACEUVE, S.L.U., o día 21 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida o 26 de marzo de 2024, dentro do prazo concedido e o 9 de abril de 2024, fora do devandito prazo. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil, o apoderado e a clasificación.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (10.697,61 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo P - Subgrupo 3 - Categoría 1) presentan a clasificación Grupo P - Subgrupo 3 - Categoría 3.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (10.697,61 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa/obligatoria (Grupo P - Subgrupo 3 - Categoría 1) presentan a clasificación Grupo P - Subgrupo 3 - Categoría 3.
- Acreditación da habilitación profesional segundo o esixido no PCAP.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Transferencia por un importe de 952,92 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado de inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATARIGA, e o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 11 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ACEUVE, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ACEUVE, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante mediante fórmula de data 13 de marzo de 2024

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ACEUVE, S.L.U. o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos á Área de Cultura (bibliotecas públicas, auditorio municipal do Concello e servizo da Área de Cultura) (5206-330) por un prezo total de 23.060,68 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.002,27 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(271).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE TENIS DE MESA ILLAS CÍES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024. EXPTE. 23492/333.**

Visto o informe xurídico do 22/03/2024 e o informe de fiscalización do 11/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/03/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800002 a favor da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva TENIS DE MESA ILLAS CÍES conta cun equipo de elite na modalidade de Tenis de Mesa na categoría División de Honra Feminina. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra Feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2023-2024, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para os e as xóvenes deportistas, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos pro-

xectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800002 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva TENIS DE MESA ILLAS CÍES para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 € a favor da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES co CIF: G27849090 e enderezo social en Rúa Martin Echegaray nº6 planta En 36209, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23492-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800002 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TENIS DE MESA ILLAS CÍES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23492-333).

## REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, Dna. Luisa Barreiro Alonso como presidenta da entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA CIF: G27849090 e enderezo social en Rúa Martin Echegaray nº6 planta En 36209, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 23492/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar o desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES durante a tempada 2023-2024. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra Feminina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Illas Cíes Tenis de Mesa desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Tenis de mesa en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800002 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da entidade deportiva TENIS DE MESA ILLAS CÍES.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES na tempada deportiva 2023-2024.

**VI.-** Que a entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23492-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o TENIS DE MESA ILLAS CÍES conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Tenis de Mesa na tempada 2023-2024.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800002 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do convenio, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**5(272).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CO CLUB VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024. EXPTE. 23498/333.**

Visto o informe xurídico do 22/03/2024 e o informe de fiscalización do 10/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/03/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 55.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890010 a favor da entidade C. VIGO VOLEIBOL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C. VIGO VOLEIBOL conta cun equipo de elite na modalidade de Voleibol na categoría Superliga - división de honra 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Superliga - división de honra 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2023-2024, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C. VIGO VOLEIBOL e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- 1.O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
  - A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
  - O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade C. VIGO VOLEIBOL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria

celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para os e as xóvenes deportistas, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890010 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C. VIGO VOLEIBOL durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva C. VIGO VOLEIBOL para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 55.000,00 € a favor da entidade C. VIGO VOLEIBOL co CIF: G36658219 e enderezo social en rúa Bolivia, 2 6º C (36203), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23498-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890010 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C. VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23498-333).

## REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. Guillermo Touza Rodríguez como presidente da entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL CIF: G36658219 e enderezo social en rúa Bolivia, 2 6º C (36203), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23498/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade C. VIGO VOLEIBOL durante a tempada 2023-2024. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Superliga - división de honra 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C. Vigo Voleibol desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C. VIGO VOLEIBOL impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890010 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 55.000,00 €, a favor da entidade deportiva C. VIGO VOLEIBOL.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade C. VIGO VOLEIBOL na tempada deportiva 2023-2024.

**VI.-** Que a entidade C. VIGO VOLEIBOL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23498-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o C. VIGO VOLEIBOL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade C. VIGO VOLEIBOL comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.

- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Voleibol na tempada 2023-2024.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C. VIGO VOLEIBOL na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C. VIGO VOLEIBOL (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C. VIGO VOLEIBOL unha subvención por importe de 55.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890010 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de

Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**6(273).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE BEMBRIVE FS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024. EXPTE. 23500/333.**

Visto o informe xurídico do 22/03/2024 e o informe de fiscalización do 10/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/03/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 35.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890016 a favor da entidade BEMBRIVE FS polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva BEMBRIVE FS conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol Sala na categoría 2ª División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 2ª División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2023-2024, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade BEMBRIVE FS e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- 1.O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
  - A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
  - O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para os e as xóvenes deportistas, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade BEMBRIVE FS para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890016 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade BEMBRIVE FS durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva BEMBRIVE FS para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 35.000,00 € a favor da entidade BEMBRIVE FS co CIF: G36886422 e enderezo social en alameda Torreiro, 1 (36214), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23500-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890016 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE BEMBRIVE FS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23500-333).

## REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. Manuel Martínez Caride con DNI 36090680T, como presidente da entidade MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. CIF: G36886422 e enderezo social na rúa Alameda do Torreiro, S/N (CP 36214), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta da documentación e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 23500-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar o desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade BEMBRIVE FS durante a tempada 2023-2024. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría 2ª División Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Bembrive Fútbol Sala desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade BEMBRIVE FS impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Fútbol Sala en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890016 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 35.000,00 €, a favor da entidade deportiva BEMBRIVE FS.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade BEMBRIVE FS na tempada deportiva 2023-2024.

**VI.-** Que a entidade BEMBRIVE FS non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23500-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o BEMBRIVE FS conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade BEMBRIVE FS comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol Sala na tempada 2023-2024.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade BEMBRIVE FS na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade BEMBRIVE FS (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade BEMBRIVE FS unha subvención por importe de 35.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890016 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do convenio, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**7(274).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CO CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024. EXPTE. 23506/333.**

Visto o informe xurídico do 25/03/2024 e o informe de fiscalización do 15/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/03/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800004 a favor da entidade CC. RÍAS BAIXAS polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CC. RÍAS BAIXAS conta cun equipo de elite na modalidade de Ciclismo na categoría primeira actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría primeira hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte en xeral, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CC. RÍAS BAIXAS e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- 1.O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
  - A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
  - O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para os e as xóvenes deportistas, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade CC. RÍAS BAIXAS para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800004 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CC. RÍAS BAIXAS durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CC. RÍAS BAIXAS para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00 € a favor da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23506-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800004 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CC. RÍAS BAIXAS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23506-333).

## REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. Jose Luís Chamorro Pérez como presidente da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23506/333

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar o desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CC. RÍAS BAIXAS durante a tempada 2023-2024. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría primeira desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CC. RÍAS BAIXAS impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva CC. RÍAS BAIXAS.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coaduxvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CC. RÍAS BAIXAS na tempada deportiva 2023-2024.

**VI.-** Que a entidade CC. RÍAS BAIXAS non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23506-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CC. RÍAS BAIXAS conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade CC. RÍAS BAIXAS comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...

- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Ciclismo na tempada 2023-2024.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CC. RÍAS BAIXAS na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CC. RÍAS BAIXAS (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CC. RÍAS BAIXAS unha subvención por importe de 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800004 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do convenio, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**8(275).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA SOCIEDADE DEPORTIVA CARBALLAL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024. EXPTE. 23493/333.**

Visto o informe xurídico do 25/03/2024 e o informe de fiscalización do 15/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/03/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 40.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800003 a favor da entidade SD CARBALLAL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva SD CARBALLAL conta cun equipo de elite na modalidade de Balonmán na categoría División de Honra Prata actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra Prata hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2023-2024, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade SD CARBALLAL e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

O obxectivo da proposta é o desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- 1.O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
  - A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
  - O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para os e as xóvenes deportistas, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade SD CARBALLAL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800003 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade SD CARBALLAL durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- PRIMEIRO:** Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva SD CARBALLAL para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.
- SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 40.000,00 € a favor da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL co CIF: G36686376 e enderezo social en avenida Aeroporto, 432 (36215), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23493-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800003 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SD CARBALLAL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23493-333).

## REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. José Barciela Cabaleiro como presidente da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL CIF: G36686376 e enderezo social en avenida Aeroporto, 432 (36215), e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 23493/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar o desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade SD CARBALLAL durante a tempada 2023-2024. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra Prata desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade S.D. Carballal desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade SD CARBALLAL impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Balonmán en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800003 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 40.000,00 €, a favor da entidade deportiva SD CARBALLAL.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade SD CARBALLAL na tempada deportiva 2023-2024.

**VI.-** Que a entidade SD CARBALLAL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23493-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o SD CARBALLAL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade SD CARBALLAL comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...

- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Balonmán na tempada 2023-2024.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade SD CARBALLAL na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade SD CARBALLAL (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade SD CARBALLAL unha subvención por importe de 40.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800003 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do convenio, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

## **9(276).- REINTEGRO PARCIAL DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2022. EXPTE. 20739/77.**

Visto o informe de fiscalización do 12/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/03/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022.

### **ANTECEDENTES**

Con data do 12.04.2022 e documento co núm. de rexistro 220074218 a entidade Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q presentou solicitude de Axuda Municipal á Contratación 2022.

Con data do 21.04.2022 e documentos cos núm. de rexistro 220074223 e 220074232 a entidade Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q achega outra documentación necesaria para completar o expediente de solicitude de subvención do Programa Indefinidos (expte. 19145/77).

Con data do 17.06.2022 a través do documento co núm. de rexistro 220131704 presentou a documentación necesaria para acreditar o pagamento da débeda co Concello de Vigo e proceder a emisión do certificado correspondente para continuar coa tramitación da súa solicitude de subvención.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 15.09.2022, acordou outorgarlle unha axuda por importe de 2.000€ pola transformación a indefinido do traballador Tarek E.R.T.

Con data do 19.09.2022 e rexistro de saída número 177546-2023-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 27.09.2022 e documento co núm. de rexistro 220241384 a entidade Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a do-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

cumentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 19652/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data 12.02.2024 e documento co núm. de rexistro 240057692, Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q comunica a baixa voluntaria do traballador Tarek E.R.T. con data do 11.02.2024 e solicita o reintegro parcial da axuda correspondente ao tempo que falta para cumprir coa base 5.5 que require manter no cadro de persoal á persoa contratada un período mínimo de dous anos desde a transformación da modalidade de contrato temporal a indefinido.

A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación e requirimento de reintegro parcial da subvención concedida a Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022 (expte. 20739/77).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022, expediente 18961/77, establecen:

- Na base 2ª, apartado a.4. *Obrigas:*

- no apartado a.4.2.: *“Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.”*

- no apartado a.4.5.: *“Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dous anos desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª, apartado a.7.”*

- no apartado a.7.1: *“Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5.”*

- no apartado a.7.3: *“No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente:...*

*... - No suposto de non proceder á cobertura da vacante da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda procederá reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS.”*

- na Base 5ª, apartado a) *Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro:* *“O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.*

*... O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención."*

#### **- Reintegro de subvencións:**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio do expediente 20739/77, asinada pola A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude de data do 23.02.2024, ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 15.09.2022 a prol de Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q, en concepto de Axuda Municipal á Contratación 2022.

Mediante notificación asinada pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data do 28.02.2024, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 28.02.2024 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro parcial da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamento que consta no expediente 20739/77, de xeito que:

Examinados os expedientes núm. 19145/77 de solicitude da axuda e o expediente núm. 19652/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas bases reguladoras da convocatoria e da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que

- 2.a empresa solicitou unha axuda pola transformación a indefinido na data do 31/03/2022 do contrato do traballador Tarek E.R.T.
- 3.a empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada polo que se procedeu ao seu pago na data do 18.11.2022.
- 4.a persoa traballadora Tarek E.R.T. pola que se lle concedeu a axuda causa baixa voluntaria con data do 11.02.2024 segundo informa a empresa no documento 240057692 presentado no Rexistro Xeral con data do 12.02.2024, de conformidade coa *base a.4.2* e a *base a.7.1*.
- 5.a empresa non procede conforme á *base a.7.3* e solicita o reintegro parcial da subvención pola proximidade ao cumprimento do período de contratación establecido na *base a.4.5*.
- 6.A contratación indefinida se mantivo por un período de 683 días que é inferior a dous anos polo que incumpre o disposto na *base a.4.5*.

Xa que logo, conforme á *base 11ª a)*, resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO PARCIAL por importe de 102,80€ á entidade Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	18/11/2022	Importe para o cálculo:	<b>102,80 €</b>
Data fin do cálculo:	12/04/2024	Tipo deuda:	<b>Reintegro</b>

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
19/11/2022	31/12/2022	43	3,75	102,80	0,45
01/01/2023	12/04/2024	468	4,06	102,80	5,33
<b>Importe total</b>					<b>108,58€</b>

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 06.09.2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**

**PRIMEIRO.**- Requirir o reintegro parcial da subvención por importe de **102,80€**, outorgada á empresa Anibal José Dos Ramos Gutiérrez (39467901Q) mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 15.09.2022, e **5,78€** correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 20739/77), correspondente á baixa do traballador Tarek E.R.T. e a solicitude de reintegro parcial da axuda ao non proceder a súa substitución presentada pola beneficiaria no documento núm. 240057692 .

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

**SEGUNDO.**- Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 029/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.**- Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constriximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(277).- REINTEGRO PARCIAL DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2023. EXPTE. 20732/77.**

Visto o informe de fiscalización do 11/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/04/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2023.

#### **ANTECEDENTES**

Con data do 02.06.2023 e documento co núm. de rexistro 230155025 a entidade Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q presentou solicitude de Axuda Municipal á Contratación 2023.

Con data do 08.06.2023 e documentos cos núm. de rexistro 230155026, 230155040, 230155047 e 230160609 a entidade Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q achega outra documentación necesaria para completar o expediente de solicitude de subvención do Programa Indefinidos (expte. 20145/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 06.10.2023, acordou outorgarlle unha axuda pola transformación da modalidade de contrato temporal a indefinido a dous persoas traballadoras cunha contía de 4.600,00€, correspondendo o importe de 2.300€ pola transformación a indefinido do traballador Pablo A.B.O.

Con data do 06.10.2023 e rexistro de saída número 109328-2023-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 15.10.2023 e documento co núm. de rexistro 230325319 e con data do 26.10.2023 de documento co núm. de rexistro 230330621 a entidade Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 20535/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data 16.01.2024 e documento co núm. de rexistro 240023080, Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q comunica o despido disciplinario do traballador Pablo A.B.O. con data do 09.01.2024 e solicita o reintegro parcial da axuda correspondente ao tempo que falta para cumprir coa base 5.5 que require manter no cadro de persoal á persoa contratada un período mínimo de dous anos desde a transformación da modalidade de contrato temporal a indefinido.

A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación e requirimento de reintegro parcial da subvención concedida a Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación 2023 (expte. 20732/77).

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2023, expediente 19959/77, establecen:

- Na base 5ª. *Obrigas:*

- no apartado 5.2.: *“Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.”*

- no apartado 5.5.: *“Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dous anos desde o inicio, desde a transformación da modalidade do contrato ou desde a mellora das condicións ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 10ª.”*

- Na base 10ª. *Alteración das condicións de concesión:*

- No apartado 10.1: *“Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto na base 5ª.*

- No apartado 10.3: *“No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*subvención*, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e conforme ao programa de axuda solicitado:

a) PROGRAMA INDEFINIDOS:

- por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída no prazo de 10 días naturais seguintes ao cese ou no seu defecto,

- por medio dunha contratación indefinida inicial realizada a unha persoa desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos desta convocatoria, dentro dos 10 días naturais seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na base b.1).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego se subministrase candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

... A nova contratación comunicarse á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

- No apartado 10.6: “ No suposto de **non proceder á cobertura da vacante da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda** procederá reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto na bases 11ª e a LXS.

- na Base 11ª, apartado a) **Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro**: “O incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera obriga, requisito, condición e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

...O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á beneficiaria co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.”

- **Reintegro de subvencións:**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio do expediente 20732/77, asinada pola A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude de data do 23.02.2024, ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 06.10.2023 a prol de Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q, en concepto de Axuda Municipal á Contratación 2023.

Mediante notificación asinada pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data do 28.02.2024, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 28.02.2024 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro parcial da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamento que consta no expediente 20732/77, de xeito que:

Examinados os expedientes núm. 20145/77 de solicitude da axuda e o expediente núm. 20535/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas bases reguladoras da convocatoria e da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verificase que

- 1.a empresa solicitou unha axuda pola transformación a indefinido na data do 01/12/2022 do contrato de dous traballadores, sendo un deles o traballador Pablo A.B.O.
- 2.a empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada polo que se procedeu ao seu pago na data do 03.11.2023.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- 3.a persoa traballadora Pablo A.B.O. pola que se lle concedeu a axuda causa baixa por despido disciplinario con data do 09.01.2024 segundo informa a empresa no documento 240023080 presentado no Rexistro Xeral con data do 16.01.2024, de conformidade coa base 5.2 e a base 10.1.
- 4.a empresa non procede nin xustifica a imposibilidade da cobertura da vacante polo que incumpre o establecido na base 10.3. apartado a) e procede a aplicación do establecido na base 10.6.
- 5.A contratación indefinida se mantivo por un período de 13 meses e 9 días que é inferior a dous anos polo que incumpre o disposto na base 5.5.

Xa que logo, conforme á base 11ª a), resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO PARCIAL por importe de 1.025,34€ á entidade Anibal José Dos Ramos Gutiérrez co NIF 39467901Q e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	03/11/2023	Importe para o cálculo:	<b>1.025,34 €</b>
Data fin do cálculo:	12/04/2024	Tipo deuda:	<b>Reintegro</b>

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
04/11/2023	12/04/2024	161	4,06	1.025,34	18,32
<b>Importe total</b>					<b>1.043,66€</b>

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación

presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, tras corrixir os erros materiais detectados na fase de fiscalización correspondentes á data de transformación do contrato a indefinido, así como do ano na data de despido do traballador, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 06.09.2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Requirit o reintegro parcial da subvención por importe de **1.025,34€**, outorgada á empresa Anibal José Dos Ramos Gutiérrez (39467901Q) mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 06.10.2023, e **18,32€** correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 20732/77), correspondente á baixa do traballador Pablo A.B.O. e a solicitude de reintegro parcial da axuda ao non proceder a súa substitución presentada pola beneficiaria no documento núm. 240023080 .

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

**SEGUNDO.-** Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 029/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.-** Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constriximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### **11(278).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DAS DIETAS DE ASISTENCIAS DOS MEMBROS DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2023. EXPTE. 20769/77.**

Visto o informe de fiscalización do 08/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/04/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

I. A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 31 de marzo de 2023**, acordou aprobar a **APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL 2023. EXPTE. 19968/77.**

Na base 12 "COMISIÓN DE SELECCIÓN"

- O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- **Composición:**
  - A Xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e no caso da creación de máis dunha comisión, funcionario/a ou laboral fixo relacionado coas ocupacións obxecto da convocatoria
  - Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo que actuará como Secretaria/o.
  - Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo.
- Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do TREBEP.
- A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos polo/a Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego xunto cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do grupo ou categoría profesional da ocupación ofertada, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

- O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.
- Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitírase Acta co listado do persoal seleccionado.
- A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que estime necesario.
- Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.
- A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas á Concellería de Emprego, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Estímose necesaria a constitución de polo menos as 4 comisións de selección seguintes:

- Capataces
- Oficiais de Oficios
- Peóns
- Persoal técnico administrativo (Auxiliar administrativo e Técnico de FP Auxiliar de Prevención de Riscos Laborais).

II. A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 3 de novembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

“Aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do Programa VIGO EMPREGA 2023 de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/03/2023 (BOPPO núm. 71 de 13/03/2023 e DOG núm. 168 de 05/09/2023):

○ **Comisión 1: Selección de Capataces:**

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Santiago Ledo	Funcionario	A2	Arquitecto técnico
<b>Secretario:</b>	Francisco J. Escudero González	Funcionario	C1	Administrativo
<b>Suplente:</b>	Cristina Gago Alonso	Funcionaria	C1	Administrativo
<b>Vogais:</b>	Alfonso Conde Rodríguez	Laboral	C1	Capataz
	F. Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
	José Ramón Seijas Álvarez	Laboral	C1	Capataz
<b>Suplentes:</b>	M <sup>a</sup> Concepción Martínez Murillo	Funcionaria	C1	Técnica Administrativa
	Sarai Noa Aguirre Lamparte	Funcionaria	A2	Arquitecto técnica
	Cristina Domínguez Gonzalez	Funcionaria	C1	Administrativa



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

○ **Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios**

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Jose Felipe Codesido Rodríguez	Funcionario	C1	Encargado Técnico
<b>Secretaria:</b>	Lorena López Rodríguez	Funcionaria	A1	Técnica de administración Xeral
<b>Suplente:</b>	Rosa Otero Malvarez	Funcionaria	A2	Técnica de Xestión
<b>Vogais:</b>	Jose Antonio Comesaña Davila	Laboral	C2	Conductor
	Héctor Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial sepultureiro
	María José Armada Pereira	Laboral	C2	Oficial Coidador de mantemento e control
<b>Suplentes:</b>	Fidel Goberna Trigo	Laboral	C2	Oficial de Oficios
	F. Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
	Alfonso Conde Rodríguez	Laboral	C1	Capataz

○ **Comisión 3: Selección de peóns:**

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Miguel Ángel Alonso Alonso	Laboral	C2	Axudante técnico
<b>Secretaria:</b>	Cristina Gago Alonso	Funcionaria	C1	Administrativo
<b>Suplente:</b>	Sonia Pastor Dieguez	Funcionaria	C1	Administrativa
<b>Vogais:</b>	Eugenio Falque Fontan	Laboral	C2	Xestor de flota
	Ricardo Soler Vidal	Laboral	C2	Oficial de Instalacións
	Francisco J. Garcia Soto	Laboral	C2	Oficial Mantemento
<b>Suplentes:</b>	Jesus Carballo Magariños	Laboral	C2	Conductor
	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial de Oficios
	Carlos Igrexas Martínez	Laboral	C2	Auxiliar de arquivo

○ **Comisión 4: Selección de persoal técnico administrativo (Aux. Administrativo e Técnico FP Prevención de Riscos Laborais):**

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Mª Isabel Cabeza Pereiro	Funcionaria	A2	Técnica PRL
<b>Secretaria:</b>	Rosa Otero Malvarez	Funcionaria	A2	Técnica de Xestión
<b>Suplente:</b>	Marta del Castillo Fernandez Pacheco	Laboral	C1	Administrativa
<b>Vogais:</b>	Jose Felipe Codesido Rodríguez	Funcionario	C1	Encargado Técnico
	Santiago Ledo	Funcionario	A2	Arquitecto técnico
	Iolanda Alonso Regueiro	Funcionaria	C1	Administrativa
<b>Suplentes:</b>	Héctor Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial sepultureiro
	Francisco J. Escudero González	Funcionario	C1	Administrativo
	Mª José Armada Pereira	Laboral	C2	Oficial Coidador de mantemento e control

- Os membros das Comisións de selección de persoal beneficiario do Programa VIGO EMPREGA 2023, percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de persoal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, cun número máximo de vinte e dúas (22) sesións - 4 para Capataces, 7 para Peóns, 4 para Persoal técnico-administrativo e 7 para Oficiais -, cun gasto estimado de 9.250,08 € con cargo á

aplicación orzamentaria 2410 2330000 de “Diets de Tribunais”, e financiar o gasto con cargo á bolsa de vinculación no exercicio 2023, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

- As Comisións de selección nomeadas no presente acordo, para a selección de beneficiarios/as do Programa VIGO EMPREGA 2023 iniciarán as súas funcións coa realización da proba escrita e posteriormente das probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 31 de marzo de 2023, conforme ás “BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA VIGO EMPREGA 2023”.

Unha vez rematado o proceso selectivo e dacordo coas actas asinadas polas Secretarías e resto dos compoñentes presentes dos Órganos de Selección que foron publicadas na páxina web municipal o no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, determínase a relación de perceptores das devanditas asistencias aos tribunais de selección de PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA VIGO EMPREGA 2023, que deseguido se relacionan e, polo concepto que se expresa:

#### PRESIDENTE/A E SECRETARIO/A:

O importe total dietas dos/as presidentes e secretarios, supón a cantidade de **1.480,75 €**.

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	NIF/NIE	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Presidenta/e	01: Capataces.	Carla Candia Paz	***9745**	3	4	segunda	42,83 €	128,49 €	468,08 €
Presidenta/e	02: Oficiais de oficios.	Carla Candia Paz	***9745**	4	7	segunda	42,83 €	171,32 €	
Presidenta/e	03: Peóns	Carla Candia Paz	***9745**	1	7	terceira	39,78 €	39,78 €	
Presidenta/e	04: Técnico e administrativo	Carla Candia Paz	***9745**	3	4	segunda	42,83 €	128,49 €	
Presidenta/e	02: Oficiais de oficios.	José Felipe Codesido Rodríguez	***8182**	3	7	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49 €
Presidenta/e	04: Técnico e administrativo	Mª Isabel Cabeza Pereiro	***1467**	2	4	segunda	42,83 €	85,66 €	85,66 €
Presidenta/e	03: Peóns	Miguel Ángel Alonso Alonso	***5058**	2	7	terceira	39,78 €	79,56 €	79,56 €
Secretaria/o	03: Peóns	Cristina Gago Alonso	***6053**	3	7	terceira	39,78 €	119,34 €	119,34 €
Secretaria/o	01: Capataces.	Francisco J. Escudero González	***7967**	3	4	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49 €
Secretaria/o	02: Oficiais de oficios.	Lorena López Rodríguez	***7175**	4	7	segunda	42,83 €	171,32 €	171,32 €
Secretaria/o	02: Oficiais de oficios.	Rosa Otero Malvárez	***6573**	3	7	segunda	42,83 €	128,49 €	299,81 €
Secretaria/o	04: Técnico e administrativo	Rosa Otero Malvárez	***6573**	5	4	segunda	42,83 €	171,32 €	
<b>TOTAL PRESIDENTE/A E SECRETARIO/A</b>									<b>1.480,75 €</b>

#### VOGAIS:

O importe total dietas dos/as vogais, supón a cantidade de **2.041,02 €**

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	NIF/NIE	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Vogal	01: Capataces.	Alfonso Conde Rodríguez	***4566**	2	4	segunda	39,78 €	79,56 €	79,56 €
Vogal	03: Peóns	Carlos Igrexas Martínez	***3690**	2	7	terceira	36,72 €	73,44 €	73,44 €
Vogal	01: Capataces.	F. Javier Bea Puentes	***1978**	2	4	segunda	39,78 €	79,56 €	79,56 €
Vogal	04: Técnico e administrativo	Francisco J. Escudero González	***7967**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Vogal	03: Peóns	Francisco J. Garcia Soto	***2961**	3	7	terceira	36,72 €	110,16 €	110,16 €
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Héctor Conde Lorenzo	***3509**	7	7	segunda	39,78 €	278,46 €	278,46 €
Vogal	04: Técnico e administrativo	Iolanda Alonso Regueiro	***4882**	5	4	segunda	39,78 €	159,12 €	159,12 €
Vogal	03: Peóns	Jesús Carballo Margariños	***1939**	3	7	terceira	36,72 €	110,16 €	110,16 €
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Jose Antonio Comesaña Davila	***3765**	7	7	segunda	39,78 €	278,46 €	278,46 €
Vogal	04: Técnico e administrativo	José Felipe Codesido Rodríguez	***8182**	4	4	segunda	39,78 €	159,12 €	159,12 €
Vogal	01: Capataces.	José Ramón Seijas Álvarez	***4070**	2	4	segunda	39,78 €	79,56 €	79,56 €
Vogal	03: Peóns	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	***8327**	1	7	terceira	36,72 €	36,72 €	36,72 €
Vogal	01: Capataces.	Mª Concepción Martínez-Murillo Campos	***9691**	2	4	segunda	39,78 €	79,56 €	79,56 €
Vogal	02: Oficiais de oficios.	María José Armada Pereira	***6845**	7	7	segunda	39,78 €	278,46 €	
Vogal	04: Técnico e administrativo	María José Armada Pereira	***6845**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	318,24 €
Vogal	04: Técnico e administrativo	Santiago Ledo Martínez	***4700**	4	4	segunda	39,78 €	159,12 €	159,12 €
<b>TOTAL VOGAIS</b>									<b>2.041,02 €</b>



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### ASESORES/AS:

O importe total dietas dos/as asesores, supón a cantidade de **1.171,98 €**.

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	NIF/NIE	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Asesores técnicos.	01: Capataces.	Carlos Juncal Gil	***9241**	2	4	segunda	39,78 €	79,56 €	391,68 €
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Carlos Juncal Gil	***9241**	5	7	segunda	39,78 €	198,90 €	
Asesores técnicos.	03: Peóns	Carlos Juncal Gil	***9241**	2	7	terceira	36,72 €	73,44 €	
Asesores técnicos.	04: Técnico e administrativo	Carlos Juncal Gil	***9241**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	
Asesores técnicos.	03: Peóns	Celia de Monasterio roldan	***8847**	2	7	terceira	36,72 €	73,44 €	73,44 €
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Mª Isabel Pérez Rodríguez	***8870**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores técnicos.	01: Capataces.	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	309,06 €
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	3	7	segunda	39,78 €	119,34 €	
Asesores técnicos.	03: Peóns	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	3	7	terceira	36,72 €	110,16 €	
Asesores técnicos.	04: Técnico e administrativo	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Alfonso Conde Rodríguez	***4566**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Fidel Goberna Trigo	***6131**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Javier Agulla Amorin	***5640**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	79,56 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Javier Agulla Amorin	***5640**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Jesús Carballo Margariños	***1939**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Luis González Portal	***8825**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	04: Técnico e administrativo	Mª Isabel Cabeza Pereiro	***1467**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Miguel Ángel Alonso Alonso	***5058**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Miguel Ángel Fernández González	***5153**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
<b>TOTAL ASESORES</b>								<b>1.171,98 €</b>	

O gasto por importe de **4.693,75 €** (3.521,77 € de compoñentes de tribunais e 1.171,98 € de Asesores Técnicos e especialistas), abonarase con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de “Dietas tribunais”, e financiar o gasto con cargo á bolsa de vinculación no exercicio 2024, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 27/06/2023, e modificacións posteriores, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

1. Comprometer o gasto de 4.693,75€ ,que se executará con cargo a aplicación orzamentaria 2410 2330000.
2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias aos tribunais de selección dos BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2023:

## Presidente/a e secretario/a:

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	NIF/NIE	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Presidenta/e	01: Capataces.	Carla Candia Paz	***9745**	3	4	segunda	42,83 €	128,49 €	468,08 €
Presidenta/e	02: Oficiais de oficios.	Carla Candia Paz	***9745**	4	7	segunda	42,83 €	171,32 €	
Presidenta/e	03: Peóns	Carla Candia Paz	***9745**	1	7	terceira	39,78 €	39,78 €	
Presidenta/e	04: Técnico e administrativo	Carla Candia Paz	***9745**	3	4	segunda	42,83 €	128,49 €	
Presidenta/e	02: Oficiais de oficios.	José Felipe Codesido Rodríguez	***8182**	3	7	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49 €
Presidenta/e	04: Técnico e administrativo	Mª Isabel Cabeza Pereiro	***1467**	2	4	segunda	42,83 €	85,66 €	85,66 €
Presidenta/e	03: Peóns	Miguel Ángel Alonso Alonso	***5058**	2	7	terceira	39,78 €	79,56 €	79,56 €
Secretaria/o	03: Peóns	Cristina Gago Alonso	***6053**	3	7	terceira	39,78 €	119,34 €	119,34 €
Secretaria/o	01: Capataces.	Francisco J. Escudero González	***7967**	3	4	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49 €
Secretaria/o	02: Oficiais de oficios.	Lorena López Rodríguez	***7175**	4	7	segunda	42,83 €	171,32 €	171,32 €
Secretaria/o	02: Oficiais de oficios.	Rosa Otero Malvárez	***6573**	3	7	segunda	42,83 €	128,49 €	299,81 €
Secretaria/o	04: Técnico e administrativo	Rosa Otero Malvárez	***6573**	5	4	segunda	42,83 €	171,32 €	
<b>TOTAL PRESIDENTE/A E SECRETARIA/O</b>									<b>1.480,75 €</b>

## Vogais:

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	NIF/NIE	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Vogal	01: Capataces.	Alfonso Conde Rodriguez	***4566**	2	4	segunda	39,78 €	79,56 €	79,56 €
Vogal	03: Peóns	Carlos Igrexas Martínez	***3690**	2	7	terceira	36,72 €	73,44 €	73,44 €
Vogal	01: Capataces.	F. Javier Bea Puentes	***1978**	2	4	segunda	39,78 €	79,56 €	79,56 €
Vogal	04: Técnico e administrativo	Francisco J. Escudero González	***7967**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Vogal	03: Peóns	Francisco J. García Soto	***2961**	3	7	terceira	36,72 €	110,16 €	110,16 €
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Héctor Conde Lorenzo	***3509**	7	7	segunda	39,78 €	278,46 €	278,46 €
Vogal	04: Técnico e administrativo	Iolanda Alonso Regueiro	***4882**	5	4	segunda	39,78 €	159,12 €	159,12 €
Vogal	03: Peóns	Jesús Carballo Margariños	***1939**	3	7	terceira	36,72 €	110,16 €	110,16 €
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Jose Antonio Comesaña Davila	***3765**	7	7	segunda	39,78 €	278,46 €	278,46 €
Vogal	04: Técnico e administrativo	José Felipe Codesido Rodríguez	***8182**	4	4	segunda	39,78 €	159,12 €	159,12 €
Vogal	01: Capataces.	José Ramón Seijas Álvarez	***4070**	2	4	segunda	39,78 €	79,56 €	79,56 €
Vogal	03: Peóns	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	***8327**	1	7	terceira	36,72 €	36,72 €	36,72 €
Vogal	01: Capataces.	Mª Concepción Martínez-Murillo Campos	***9691**	2	4	segunda	39,78 €	79,56 €	79,56 €
Vogal	02: Oficiais de oficios.	María José Armada Pereira	***6845**	7	7	segunda	39,78 €	278,46 €	318,24 €
Vogal	04: Técnico e administrativo	María José Armada Pereira	***6845**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	
Vogal	04: Técnico e administrativo	Santiago Ledo Martínez	***4700**	4	4	segunda	39,78 €	159,12 €	
<b>TOTAL VOGAIS</b>									<b>2.041,02 €</b>

## Asesores técnicos:

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	NIF/NIE	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Asesores técnicos.	01: Capataces.	Carlos Juncal Gil	***9241**	2	4	segunda	39,78 €	79,56 €	391,68 €
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Carlos Juncal Gil	***9241**	5	7	segunda	39,78 €	198,90 €	
Asesores técnicos.	03: Peóns	Carlos Juncal Gil	***9241**	2	7	terceira	36,72 €	73,44 €	
Asesores técnicos.	04: Técnico e administrativo	Carlos Juncal Gil	***9241**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	73,44 €
Asesores técnicos.	03: Peóns	Celia de Monasterio roldan	***8847**	2	7	terceira	36,72 €	73,44 €	
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Mª Isabel Pérez Rodríguez	***8870**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores técnicos.	01: Capataces.	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	309,06 €
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	3	7	segunda	39,78 €	119,34 €	
Asesores técnicos.	03: Peóns	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	3	7	terceira	36,72 €	110,16 €	
Asesores técnicos.	04: Técnico e administrativo	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Alfonso Conde Rodríguez	***4566**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Fidel Goberna Trigo	***6131**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Javier Agulla Amorin	***5640**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	79,56 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Javier Agulla Amorin	***5640**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Jesús Carballo Margariños	***1939**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Luis González Portal	***8825**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	04: Técnico e administrativo	Mª Isabel Cabeza Pereiro	***1467**	1	4	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Miguel Ángel Alonso Alonso	***5058**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Miguel Ángel Fernández González	***5153**	1	7	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78 €
<b>TOTAL ASESORES</b>									<b>1.171,98 €</b>

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### **12(279).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO X PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 11812/307.**

Visto o informe xurídico do 05/04/2024 e o informe de fiscalización do 09/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/04/2024, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

Con data 9 de febreiro de 2024, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO X PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo delegación do alcalde de 30/06/2023 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, que atribúe á Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística “a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana”.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 9 de febreiro de 2024, para o inicio do expediente de contratación.
- PROXECTO DO X PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA”, redactado polo arquitecto técnico Alejandro Luis Sánchez e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 9 de febreiro de 2024, e que rexerá como prego de prescricións técnicas.
- Memoria xustificativa asinada o 22 de febreiro de 2024 pola xefa de servizo de Patrimonio Histórico e pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación das obras para a execución dos murais do décimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos o 4 de abril de 2024.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

**Quinto.-** É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

## **III.- ACORDO:**

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO X PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Alejandro Luis Sánchez.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

**2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares** que rexerá o contrato asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos o 4 de abril de 2024.

**3º.- Autorizar o gasto total de** CENTO OITENTA MIL SESENTA EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (180.060,65 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de TRINTA E UN MIL DOUS CENTOS CINCUENTA EUROS DEZANOVE CÉNTIMOS (31.250,19 €) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

**4º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(280).- NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA, DE UN MESTRE DE FORMACIÓN - ESPECIALIDADE PINTURA (C1), POLA QUENDA LIBRE- OEP 2017-18-19. EXPTE. 43600/220.**

Visto o informe de fiscalización do 16/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/04/2024, asinado pola técnica de Relacións Laborais, o técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía unha praza de mestre/a formación -especialidade pintura (C1), pola quenda libre.

II.- Segundo a documentación obrante no expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de mestre/a de formación, acordou someter á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta:

*"(...) Proponer o nomeamento como funcionario de carreira con cargo á praza de MESTRE EN PINTURA, enmarcada no Subgrupo C1 de titulación; que figura incluída nas Ofertas de Emprego Público 2017, 2018 e 2019 do Concello de Vigo, ao aspirante que a continuación se relaciona, por ser o que acadou a maior puntuación no proceso selectivo,*

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>TOTAIS</b>
ALVAREZ BASSO	DARÍO	***6893**	21,225

(...)"

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 06/02/2024.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación administrativa de data 05/04/2024 no que se contempla a existencia de praza vacante de mestre/a formación (especialidade pintura), así como a súa cobertura interna:

*"(...) - En EMAO (613), Posto 655 – Mestre/a Formación EMAO, dotación 1.- Figura cuberta interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/01/2020 (expdte. 35237/220), por Darío Álvarez Basso con DNI \*\*\*6893\*\*, que tomou posesión o 13/01/2020 con cargo á praza vacante de Mestre/a Formación, correspondente á oferta de emprego público do ano 2019 (...)"*

VI.- Toda vez que dita praza vacante atópase cuberta interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/01/2020, pola mesma persoa proposta, deberá procederse ao seu cese con data de efectos do día anterior á súa toma de posesión como funcionario de carreira con cargo á dita praza (no apartado terceiro do referido acordo xa se prevía a súa extinción automática no momento no que se cubrise definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2019).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**I.- Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dicada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

### **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.**

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente"*, establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

*"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:*

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionario de carreira, na praza de Mestre/a Formación (especialidade pintura), con cargo á praza vacante pola quenda libre enmarcada no grupo C, subgrupo C1; escala administración especial; subescala servizos especiais; incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, a Darío Álvarez Basso, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

### **IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

### V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Cesar como funcionario interino con cargo á praza vacante de Mestre/a formación (especialidade pintura), correspondente á oferta de emprego público do ano 2019, a **Darío Álvarez Basso, con DNI \*\*\*6893\*\***, con efectos dende o día anterior da toma de posesión do mesmo interesado, nomeado funcionario de carreira con cargo á dita praza.

**SEGUNDO.-** Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á praza vacante ofertada na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019 ) de Mestre/a formación (especialidade pintura), pola quenda libre, ao aspirante **Darío Álvarez Basso, con DNI \*\*\*6893\*\***, que superou o proceso selectivo e acadou a maior puntuación.

**TERCEIRO.-** Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionario/a de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da

Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(281).- NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL, DE DÚAS OFICIAIS COIDADORAS- ZOO (C2), POLA QUENDA LIBRE- OEP 2017-18-19. EXPTE. 43302/220.**

Visto o informe de fiscalización do 16/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/04/2024, asinado pola técnica de Relacións Laborais, o técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía dúas prazas de Oficial coidador/a -zoo, pola quenda libre, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación.

II.- En sesión de data 01/12/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de oficial coidador/a -zoo, pola quenda de libre, acordou elevar á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta:

*"(...) Propoñer o nomeamento como persoal laboral fixo, con cargo ás dúas prazas de OFICIAL COIDADOR/A ZOO (contidas na 3ª fase da Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019, quenda libre), equiparadas ao subgrupo C2, e por orde de maior a menor puntuación obtida no proceso selectivo de referencia, a:*

*Ana María Gómez Rodríguez, DNI \*\*11849\*\**

*Andrea Pérez Miniño, DNI \*\*17063\*\**

*(...)"*

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 13/12/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 05/04/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de Oficial Coidador/a – Zoo (posto 689), así como a súa cobertura interina:

*"(...) En Servizo Vigo Zoo (612), Posto 689 – Oficial coidador, mantemento, vixilancia e control, dotacións 2 e 8 – cubertas interinamente segundo acordos da Xunta de Goberno Local de data 04/07/2019 e 21/05/2020 (expdtes. 33822/220 e 34797/220), por Andrea Pérez Miniño con DNI \*\*\*7063\*\* e por Ana María Gómez Rodríguez con DNI \*\*\*1849\*\*, contratadas*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*laborais interinas, con efectos do 01 de agosto do 2019 e 25 de maio do 2020 respectivamente, con cargo as prazas vacantes dos anos 2018 e 2019 (...)*”.

**VI.** Toda vez que as prazas vacantes atópanse cubertas interinamente segundo acordos da Xunta de Goberno Local de datas 04/07/2019 e 21/05/2020, deberá procederse ao seu cese con data de efectos do día anterior á formalización dos contratos como persoal laboral con cargo á ditas prazas (no apartado terceiro e cuarto dos referidos acordos xa se prevía a súa extinción automática no momento no que se cubrisen definitivamente ditas prazas incluídas nas OEPs 2018 e 2019, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### **I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación**

##### **-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.**

*Artigo 91. “1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.*

*2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.*

*Artigo 103. “El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.*

##### **-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:**

O seu artigo 7 establece que:

*“El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.*

*No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho.”*

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

*“1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.*

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

#### **-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.**

-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.

#### **-Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.**

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

#### **II.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

#### **III. - Órgano municipal competente.**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Cesar como persoal laboral interino con cargo ás prazas vacantes de Oficial coidador/a - zoo, correspondentes ás ofertas de emprego público do anos 2018 e 2019, a **Andrea Pérez Miniño con DNI \*\*\*7063\*\* e Ana María Gómez Rodríguez con DNI \*\*\*1849\*\***, con efectos dende o día anterior a formalización dos contratos laborais con cargo as devanditas prazas.

**SEGUNDO.-** Contratar como empregadas públicas municipais en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas vacantes convocadas de Oficial coidador/a-zoo pola quenda libre, equiparadas ao subgrupo C2 de titulación, que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019 a **Ana María Gómez Rodríguez con DNI \*\*\*1849\*\* e Andrea Pérez Miniño con DNI \*\*\*7063\*\***, propostas polo órgano de selección, por seren as aspirantes que superaron o proceso selectivo e acadaron as maiores puntuacións.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar as aspirantes propostas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**CUARTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(282).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN “CINECLUBE LUMIÈRE VIGO” PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL EJERCICIO 2024. EXPTE. 5439/330.**

Visto o informe xurídico do 26/03/2024 e o informe de fiscalización de data 16/04/2024, dáse conta do informe-proposta de data 18/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da entrada sede electrónica municipal o 23 de febreiro do 2024, a asociación “Cineclub Lumière Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de cine en versión orixinal durante o exercicio 2024; por este motivo, con data 29 de febreiro do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “CINECLUB LUMIÈRE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

PROGRAMACIÓN

As proxeccións serán todos os luns do período que vai entre o 15 de novembro do 2023 ao 10 de novembro do 2024, ás 20:30 h, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, agás nos meses de xullo e agosto.

Esta programación consensuase mensualmente coa Concellería de Cultura incluíndose posibles estreas ou temas de actualidade que xurden en cada momento.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 19.902,49 € (DEZANOVE MIL NOVECIENTOS DOUS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Cotas de socios e colaboradores: 5.284 €
- Venda entradas: 4.385 €
- Publicidade: 233,49 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Xustificante do pagamento do seguro de responsabilidade civil no período subvencionable.
- Escrito de aceptación do texto do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 14.03.2024

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade “Cine Clube Lumiere Vigo”, para a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2024 obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Cine Clube Lumière Vigo para a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao “Cine Clube Lumiere Vigo” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia

cia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Cine Clube Lumiere Vigo" ten como obxecto financiar a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2024, figurando na aplicación **3340.480.00.02** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

A subvención do Concello de Vigo a "Cine Clube Lumiere Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á entidade "Cineclube Lumiere Vigo", CIF. G36758696, para o financiamento da programación de*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*cine en versión orixinal correspondente ao ano 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 "CONVENIO CINE LUMIERE, CINE EN VERSIÓN ORIXINAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Cine Clube Lumiere que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2024".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN "CINECLUBE LUMIÈRE VIGO", PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL DENDE O 15 DE NOVEMBRO DO 2023 AO 10 DE NOVEMBRO DO 2024 CON CARGO AO ORZAMENTO 2024

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 e 28 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023 delegación de competencias específicas do 3 de xullo do 2023

Doutra, D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, na súa condición de presidente da asociación "Cineclub Lumiere Vigo" (CIF: G-36.758.696) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Doctor Cadaval núm. 33, 4º A, 36202 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*I.- Que "CINECLUB LUMIÈRE VIGO" é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de de-*

*senvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.*

**II.-** *Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da asociación “**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**”, como medio que é de promover o cine en versión orixinal na cidade.*

**III.-** *Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.02, como subvención nominativa, a favor da asociación “**CINE CLUBE LUMIERE. CINE EN VERSIÓN ORIXINAL**”, a cantidade de 10.000 euros.*

**IV.-** *Que a asociación “**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

**V.-** *De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización da programación do cine en versión orixinal do 15 de novembro do 2023 ao 10 de novembro do 2024 con cargo ao orzamento 2024, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 19.902,49 € (DEZANOVE MIL NOVECIENTOS DOUS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Cotas de socios e colaboradores: 5.284 €
- Venda entradas: 4.385 €
- Publicidade: 233,49 €



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

As proxeccións serán todos os luns do período que vai entre o 15 de novembro do 2023 ao 10 de novembro do 2024, ás 20:30 h, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, agás nos meses de xullo e agosto.

Esta programación se vai consensuando mensualmente coa Concellería de Cultura incluíndose posibles estrenas ou temas de actualidade que vaian xurdindo en cada momento.

### CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente

sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido A ENTIDADE achega copia do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlense dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de xullo do 2024, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao programa executado ata o 30 de xuño do 2024
- b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe restante, comprendido entre o 1 de xullo e o 10 de novembro do 2024. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2024.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024.
- Deberán atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2023 e o 10 de novembro do 2024, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao

disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade nin-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

gunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

- a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.
- b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.
- c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideraran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si transcurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

### **DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de

13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

## **ORZAMENTO 2024**

### **GASTOS**

#### CONCEPTO

Aluguer de películas	7.358, 39 Euros
Aluguer de oficina	2.501, 42 Euros
Portes	297, 12 Euros
Organización, xestión e gastos de oficina	9.745, 56 Euros

---

<b>TOTAL</b>	<b>19.902, 49 Euros</b>
--------------	-------------------------

### **INGRESOS**

Cotas de socios e colaboradores	5.284,00 Euros
Venda de entradas	4.385,00Euros
Publicidade	233,49 Euros
Subvención de Cultura Concello de Vigo	10.000,00 Euros

---

<b>TOTAL</b>	<b>19.902, 49 Euros</b>
--------------	-------------------------





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### **16(283).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA PARA O FINANCIAMENTO DO XII CONCURSO DE CORDA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5391/330.**

Visto o informe xurídico do 27/03/2024 e o informe de fiscalización de data 16/04/2024, dáse conta do informe-proposta de data 18/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 26 de xaneiro do 2024, a "Asociación Galega de Instrumentos de Corda" (AGIC) presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do XII Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar entre os días 6 e 9 de decembro do 2023 (dentro do período subvencionable do exercicio económico 2024) ; por este motivo, con data 29 de xaneiro do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 9.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 do orzamento municipal vixente.

#### ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e a promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, a entidade organiza dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo "Cidade de Vigo", como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e amosar o nivel interpretativo requirido para a evolución das súas carreiras musicais. O ámbito do concurso ampliou nos últimos anos o seu ámbito xeográfico pasando de toda a Comunidade Autónoma Galega a toda a Península Ibérica participando instrumentistas de casi todo o territorio español (Madrid, Sevilla, Málaga, Tarragona, Guipuzcoa) e norte de Portugal.

#### PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Concurso tivo lugar entre os días 6 e 9 de decembro do 2023 no Conservatorio Superior de Música de Vigo

O Concurso configurouse como un instrumento ao servizo dos novos músicos, por iso está dividido en diversas categorías : (categoría a) ata 12 anos, (categoría B) ata 15 anos, (categoría C) ata 18 anos e (categoría D) ata 22 anos e constou das seguintes fases:

Periodo de preinscripción: As persoas interesadas en participar no concurso fixeron a preinscripción na páxina web: <http://www.agic.org.es/>

A data límite da preinscripción foi as 24:00 horas do día 31 de outubro do 2023.

Comunicación de seleccionados: Rematado o prazo de preinscripción, procedeuse á selección dos participantes baseándose na documentación e nos vídeos achegados. O resultado da selección comunicouse ata o 8 de novembro do 2023 incluído

Proba presencial: O concurso constou de dúas roldas nas súas distintas categorías, agás na categoría A, que constou só dunha rolda. E tivo lugar os días 6, 7 e 8 de decembro. A segunda rolda considerouse como a final e tivo lugar os días 7, 8 y 9 de decembro do 2023.

Os premios do Concurso consistiron:

Categoría A: gañador 300 €, segundo premio dotado con 150€ e un premio sen dotación económica.

Categoría B: gañador 400€, e segundo premio dotado con 200€.

Categoría C: gañador 500€, e segundo premio dotada de 300 €

Categoría D: gañador 600€, e segundo premio dotado de 400 €

A memoria económica que se achega a este expediente, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 20.997,27 € ( vintemil novecientos noventa e sete euros con vinte sete céntimos ), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 euros
- Xunta de Galicia: 5.000 euros
- Patrocinio : 3.000 euros
- Inscripción no Concurso: 2.934 euros
- Achega da entidade 1.063,27 euros

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo cubrindo o período subvencionable.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA , para o financiamento do XII Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2023, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a “Asociación Galega de Instrumentos de Corda”, para a organización do XII Concurso de Corda Cidade de Vigo, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA ten como obxecto financiar o XII Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2023, figurando na aplicación **3340.480.00.13** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

## **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros) a “ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA”, CIF. G27761196, para o financiamento do XII Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar entre os días 6 e 9 de decembro do 2023 no Conservatorio Superior de Música, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 “SUBVENCIÓN AGIC CONCURSO DE VIOLÍN”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. ROBERTO ALONSO UCHA, tesoureiro da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 6.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 7.A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particu-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

larmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

8. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A EMPRESA presenta póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo que cubre o período subvencionable.

### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conformo do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranque a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2024
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no período subvencionable (15 de novembro do 2023 ao 10 de novembro do 2024) que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no período subvencionable (15 de novembro do 2023 ao 10 de novembro do 2024) que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

## **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

## **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

## **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### **17(284).- BASES REGULADORAS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL COAS ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO 2024-2025. EXPTE. 10108/335.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/04/2024, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

O art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en dito artigo que, entre outras, atribúe competencias municipais propias en materia de promoción cultural e ocupación do tempo libre.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais (Expte. Nº 10052-335). Estas dotacións económicas poderían ser susceptibles de ampliación, mediante posta en marcha de iniciativas de participación por parte do sector privado.

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrência establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan no seguintes programas:

- a) Programas “Cabalgata de Reis” e “Entroido”
- b) Programa de concertos

A aprobación das bases que rexe a convocatoria corresponde a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior formalización do convenio subscribírase pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de conformidade co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciales de data 23/06/2023 e 26/06/2023 e o acordos da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2023:

Polo polo exposto, previo informe de fiscalización, sométese á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte **PROPOSTA:**

**“PRIMEIRO.-** *Aprobar as bases reguladoras de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo.*

**SEGUNDO.-** *Ordenar a publicación das bases reguladoras de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, “ VIGO EN FESTAS 2024-2025” no BOP de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**BASES REGULADORAS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO 2024-2025.**

### **PRIMEIRA.- FUNDAMENTO E CONCEPTO**

O art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

en dito artigo que, entre outras, atribúe competencias municipais propias en materia de promoción cultural e ocupación do tempo libre.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais. Estas dotacións económicas poderían ser susceptibles de ampliación, mediante posta en marcha de iniciativas de participación por parte do sector privado.

Por este motivo, o servizo de Festas propón a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade de todo o procedemento.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

### **SEGUNDA.- OBXECTO, NATUREZA E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

As presentes bases teñen como obxecto, establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral.

Terán a consideración de achegas aquelas que de forma voluntaria e no marco do convenio correspondente, efectúen as persoas xurídicas para a realización de actividades de interese sociocultural de competencia municipal. As formas de colaboración poderán ser tanto monetarias como en especie nos supostos legalmente establecidos.

Serán obxecto de colaboración as actividades de carácter sociocultural relacionadas cos programas do **Anexo I**.

### **TERCEIRA.- FORMA DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL**

O convenio de colaboración empresarial ten como finalidade a colaboración mediante unha achega económica voluntaria da entidade na realización das actividades programadas polo Concello de Vigo ás que se refire o Anexo I destas bases, sendo a participación do colaborador obxecto de difusión, sen que esta

publicidade supoña unha contra prestación a dita achega que permita cualificalo como contrato.

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras dos convenios de colaboración empresarial as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incursas en algunha prohibición de contratar das previstas no Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As formas de colaboración poderán ser tanto monetarias, que terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de dereito privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, como en especie. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración e poderán proceder de varios colaboradores.

Deberán formalizarse en documento administrativo, co seguintes contido mínimo:

- a) Identificación das partes.
- b) Acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o convenio.
- c) Definición do obxecto do convenio, con expresión das actividades obxecto de colaboración.
- d) Referencia á lexislación aplicable ao convenio.
- e) Compromisos asumidos polas partes.
- f) Achegas a realizar polo patrocinador, especificando a súa valoración, prazo e condicións de entrega.
- g) Programa e partida orzamentaria na que se ingresarán as achegas realizadas polo patrocinador.
- h) Prazo de realización das actividades patrocinadas, con expresión das datas estimadas para o seu inicio o finalización.
- i) Prazo de duración do convenio e datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a súa posible prórroga.
- j) Causas de resolución do convenio

#### **CUARTA.- ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE COLABORACIÓN**

Poderase colaborar nas actividades municipais relacionados no **Anexo I** destas bases.

#### **QUINTA.- ENTIDADES COLABORADORAS**

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incursas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

#### **SEXTA.- MODALIDADES DAS ACHEGAS**

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como en **especie**. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Sempre que a actividade o permita, as achegas poderán proceder de varios colaboradores. En tales casos, cada colaborador formalizará o seu respectivo convenio de colaboración.

### **SÉTIMA .- PUBLICIDADE E PRAZOS**

C A publicación das convocatorias que conteñen a relación concreta de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOP Pontevedra e na páxina web municipal con arranxo ao seguinte calendario:

- a) Para os programas **“Cabalgata de Reis”** e **“Entroido”** o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- b) Para o **“PROGRAMA DE CONCERTOS ”** a publicación queda condicionada á resolución do decreto da Concelleira da Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal polo que se aproba as actividades que compoñen o programa antedito .

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de 15 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación no BOP Pontevedra.

### **OITAVA.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS**

As propostas serán achegadas xunto coa instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (**Anexo II**) e deberán recoller, a seguinte información:

- Razón social, CIF, enderezo, localidade, código postal.
- Nome do representante legal, DNI, teléfono de contacto, correo electrónico.
- Programa co que desexa colaborar.
- Modalidade da achega. En caso de achega monetaria a cuantificación e en caso de achega en especie, valoración económica.
- Memoria da proposta en caso de colaboración en especie.

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Recibidas as propostas nos prazos das respectivas convocatorias, procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios establecidos na base novena e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

## **NOVENA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS**

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e pola Concelleira da Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente a Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e, como secretaria, a técnica do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

### **1.- Avaliación para achegas monetarias:** valorarase con ata **10 puntos**

- a) Oferta economicamente máis vantaxosa: valorarase con ata 5 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: valorarase con ata 2 puntos.
- c) Calidade técnica da publicidade: valorarase con ata 2 puntos.
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: valorarase con ata 1 puntos.

### **2.- Avaliación para achegas en especie:** valorarase con ata **10 puntos**

- a) Oferta en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa: valorarase con ata 4 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: valorarase con ata 2 puntos
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: valorarase con ata 2 puntos.
- d) Calidade técnica da publicidade: valorarase con ata 1 punto.
- e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: valorarase con ata 1 punto

## **DÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN**

Os datos dos solicitantes e beneficiarios e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- ACHEGAS MONETARIAS**

As achegas monetarias realizadas en concepto de colaboración, terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de Dereito Privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril. As achegas monetarias poderán xerar créditos no estado de gastos dos orzamentos correspondentes, sempre que concorran os re-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

quisitos indispensables sinalados no artigo 44, concordantes e seguintes do citado Real Decreto.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO DE RESOLUCIÓN, SENTIDO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO E RECURSOS**

Dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ata que se adopta acordo da Xunta de Goberno Local respecto da selección dos colaboradores, non poderá transcorrer máis de tres meses.

En caso de que en dito prazo non se resolva polo órgano competente, entenderase que o sentido do silencio administrativo é negativo.

Contra o acordo da Xunta de Goberno Local poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición fronte ao mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao de notificación ou publicación do acordo, ou ben recurso contencioso administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Reguladora da Xurisdición contencioso Administrativa.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN**

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e rexerese naquilo que non este disposto no mesmo, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, y de los incentivos fiscais o Mecenazgo e en Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, que contén o seu desenvolvemento regulamentario, e de forma supletoria pola Lei 9/2017 de Contratos do Sector público

## **ANEXO I**

### **ACTIVIDADES E PROGRAMAS OBXECTO DE COLABORACIÓN POR ENTIDADES PRIVADAS.**

#### **1.- CABALGATA DE REIS:**

Descrición da actividade: Organización e desenvolvemento da Cabalgata de Reis que ten lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro:

Data e hora: 5 de xaneiro as 18,00 horas

Percorrido: determinarase en cada convocatoria

Temática: determinarase en cada convocatoria

Forma de colaboración: **Achegas en especie** (carroza, animación infantil o calquera outra actividade de interese xeral relacionada co evento).

Prazo de presentación de solicitudes: o establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

## **2.-ENTROIDO**

Descrición da actividade: Programa de actividades relacionadas co Entroido vigués: Concursos, desfiles, concertos, entronización e enterro do Meco, carreira popular, calquera outra actividade de interese xeral relacionada co Entroido.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación anual

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** (obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar, infantís ou de público xeral, concertos de música, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación do Entroido).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

## **3.-PROGRAMA DE CONCERTOS**

Descrición da actividade: Concertos nacionais e internacionais no Auditorio ao Aire libre de Castrelos.

As actividades que compoñan o **programa de concertos** estarán recollidas anualmente nun decreto asinado pola concelleira. A convocatoria anual de colaboracións para este programa realizarase unha vez que estea asinado o antedito decreto.

Datas e horarios: Determinaranse no decreto de composición do programa VIGO EN FESTAS

Forma de colaboración: Dadas as diferentes tipoloxías das actividades que compoñen o PROGRAMA DE CONCERTOS, e tendo en conta os diferentes públicos aos que van destinadas (infantil, familiar, xuvenil, as formas de colaboración (dineraria ou en especies) para cada unha das actividades que compoñen o programa, estableceranse na convocatoria anual.

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

## **ANEXO II**

### **INSTANCIA-FORMULARIO DE SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO 2024-2025**

**NOME DA ENTIDADE** .....

**CIF.....** **ENDEREZO**.....

**LOCALIDADE**..... **CÓDIGO POSTAL**.....

**NOME DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE**..... **NIF**..... **TELÉFONO DE CONTACTO**..... **CORREO ELECTRÓNICO**.....

**ACTIVIDADE OU PROGRAMA OBXECTO DE COLABORACIÓN:**



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1665/1102

• **VIGO EN FESTAS 2024-2025:**

ACTIVIDADE: .....  
.....

**FORMA DE COLABORACIÓN:**

- **MONETARIA**

**IMPORTE DA ACHEGA:**.....

- **EN ESPECIE**

**VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA** .....

*\* Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.*

En ....., a .....de.....de 2024

Asdo:

**EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO**

**18(285).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE, ASI COMO DO PLAN DE ACCIÓN E A REVISIÓN DO PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN NO MARCO DA ORDE HFP/1030/2021 POLA QUE SE CONFIGURA O SISTEMA DE XESTIÓN DO PRTR FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. EXPTE. 1185/441.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/04/2024, asinado polo xefe de investimentos, a secretaria de Goberno local e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos e pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**I.-ANTECEDENTES**

En relación as obrigas do Concello de Vigo como entidade xestora de proxectos cofinanciados a través do PRTR, financiado polo Next GerationEU, a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2022, acordou:

- Dar conta do proceso de autoavaliación realizado polo Comité de autoavaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimen-

to e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE, que se achega neste expediente.

- Aprobar o proxecto do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE.

Así mesmo o “comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE” nas datas 10 e 14 de novembro de 2022, procedeu a de revisión da autoavaliación, así como do PLAN DE ACCIÓN contido no PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, dándose conta do mesmo a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 18 de novembro de 2022.

## **II.- Revisión do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE, - PLAN DE ACCIÓN - MAPA DE RISCOS e o proceso de AUTOAVALIACIÓN requirido pola Orde HFP/1030/2021.**

Con data do día 18 de marzo de 2024, reúnense o Comité de Autoavaliación ao obxecto de desenvolver o proceso de revisión do “plan de acción”, vinculado o desenvolvemento da avaliación e definición do “mapa de riscos” do Plan Antifraude aprobado por acordo da XGL do pasado 11/03/2022 revisado en data 18 de novembro de 2022, así como a revisión do proceso de autoavaliación regulado na orde HFP/1030/2021.

En dita reunión sometése a revisión do Comité de Autoavaliación a modificación do Plan Antifraude ao obxecto de incorporar as medidas establecidas na Orde HFP/55/2023 de 24 de xaneiro, de 24 de xaneiro. Efectivamente a partir do 26 de xaneiro de 2023, data de entrada en vigor da Orde HFP/55/2023 de 24 de xaneiro, os expedientes de contratación e concesión de subvencións financiados con fondos do PRTR Next Generation EU están suxeitos ao procedemento de análise sistemático e automatizado do risco de conflito de interese regulado en dita orde. En cumprimento de dita orde, todo o persoal empregado que participe na tramitación de ditos expedientes e os membros do órgano de contratación ou órgano competente para a concesión das subvencións deberán asinar a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) segundo modelo Orden HFP/55/2023, de 24 de xaneiro ao obxecto da realización do proceso do análise sistemática e automatizado do risco de conflito de interese a través da ferramenta informática de data-mining (MINERVA), con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Así mesmo incorpórase ao plan as medidas adoptadas polo Concello en execución do Plan de integridade de contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2019 que se aplicarán en todos os expedientes de contratación que xestione o Concello xunto coas medidas específicas previstas neste plan ou normativa aplicable respecto aos fondos correspondentes ao PRTR que o Concello vai xestionar e executar utilízanse de conformidade coas normas aplicables a a prevención, a detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

O desenvolvemento operativo do Plan de Integridade aprobouse por resolución da Concelleira delegada de Contratación por resolución de data 17/12/2019. En execución do Plan de Integridade da Contratación do Concello de Vigo adoptáronse diversas medidas que se atopan publicadas en [https://transparencia.vigo.org/?idt=plan\\_integr\\_contrata&lang=ga](https://transparencia.vigo.org/?idt=plan_integr_contrata&lang=ga) entre as que se atopan as seguintes:

a) O Concello conta cun procedemento para a tramitación dos conflitos de intereses en materia de contratación pública aprobado por resolución da Concellaría de 27 de setembro de 2021, conforme co desenvolvemento do Plan de Integridade: “Acción b do Obxectivo Operativo 3.2.1 “Construír unha Instrución Xeral de contratación” do Programa operativo do Plan de Integridade na Contratación, Liña Estratéxica 3, “Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos”, 3.2 “Facilitar os procedementos”.

b) O Plan de Integridade da contratación, tamén preveu dúas medidas que transcenden o ámbito da contratación pública e que resultan aplicables ao conxunto das materias e accións propias do Concello:

- A Declaración de Integridade Institucional por acordo da Xunta do Goberno local do 12/03/2021 (expediente 728/1102)
- A aprobación do Código de Conduta por acordo da Xunta do Goberno local do 01/04/2022 (expediente 729/1102)

c) Facilitouse á organización unha guía de preparación dos contratos aprobado por resolución da concellaría de 21 de xaneiro de 2022, en execución da “acción C “Depurar e actualizar las Instrucións actuais” do Obxectivo Operativo 3.2.1 “Construír unha Instrución Xeral de contratación” do Programa operativo do Plan de Integridade na Contratación, Liña Estratéxica 3, “Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos”, 3.2 “Facilitar os procedementos”.

c) Igualmente, pola anterior resolución incluíuse a obriga de subscribir por parte dos redactores dos pregos de prescricións técnicas a declaración de neutralidade técnica segundo o modelo aprobado.

d) A Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2021, aprobou a instrución 1/2021 sobre contratos menores no Concello de Vigo, os seus Organismos Autónomos e entidades do sector público municipal, que se incorpora, en cumprimento do disposto no Plan de Integridade na Contratación (PIC), aprobado por convenio da Xunta de Goberno Local do 12/12/2019, Liña Estratéxica, 3: "Racionalizar e fortalecer a integridade nos procesos", contempla o obxectivo estratéxico 3.2. "Facilitar Trámites", Obxectivo Operativo 3.2.1. "Construír unha Instrución Xeral de Contratación".

e) O Plan de Integridade da Contratación prevía un Comité de Integridade e a creación dunha canle interna de denuncias en materia de contratación:

- Resolución da Concelleira delegada de contratación patrimonio e xestión municipal de 26/11/2020, de aprobación do Comité de Integridade Contractual (expediente 6551-241), modificado por acordo da Xunta do Goberno local do 13/01/2022 (expediente 6696/241)
- Creación da canle de alertas en materia de contratación, por acordo da Xunta do Goberno local do 13/01/2022 (expediente 6695/241).

Non obstante, trala entrada en vigor da Lei 2/2033, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI en posteriores citas), pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (en adiante, DPI), a Xunta de Goberno Local en data 13 de xuño de 2023 prestou aprobación en expte 1446-1202 aos seguintes asuntos:

- a) Proposta das actuación e informacións previas a seguir na xestión do "Sistema Interno de Información" publicado no BOP PO 126 de data 30.06.2023.
- b) Proposta de creación do órgano responsable do "Sistema Interno de Información".
- c) Proposta de aprobación da "Política do Sistema Interno de Información do Concello e Garantías de Protección das Persoas Informantes" publicado no BOP PO 126 de data 30.06.2023.

Con motivo da implantación do Sistema Interno de Información por Resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 28.08.2023 acordouse deixar sen efecto o canle de alertas en materia de contratación creado pola Xunta de Goberno Local de data 13 de xaneiro de 2022 con efectos 13 de xuño de 2023.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Creáese o Comité Antifraude que substituirá ao Comité de autoavaliación.

Por último inclúese un novo apartado relativo xestión e control do dobre financiamento.

Na acta da reunión do comité de autoavaliación de data 18 de marzo de 2024 procédese acordar a aprobación da actualización do PLAN DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE que recolle a actualización do PLAN DE ACCIÓN e o MAPA DE RISCOS, así como a revisión do PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN NO MARCO DA ORDE HFP/1030/2021 POLA QUE SE CONFIGURA O SISTEMA DE XESTIÓN DO PRTR Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, de acordo ao documento que se anexa a dita acta nun documento completo en formato (pdf)

### III.- PROPOSTA

Unha vez realizada a revisión do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE que recolle a actualización do PLAN DE ACCIÓN e o MAPA DE RISCOS, así como a revisión do PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN NO MARCO DA ORDE HFP/1030/2021, e de acordo coa acta do “comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE” de datas 18 de marzo de 2024, procede remitir á Xunta de Goberno para a súa aprobación, a seguinte proposta:

Primeiro: Dar conta do proceso de revisión da autoavaliación realizado polo Comité de autoavaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, que se corresponde co contido da acta da reunión do 18 de marzo de 2024 que se achega neste expediente.

Segundo: Aprobar a revisión do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE que recolle a actualización do PLAN DE ACCIÓN e o MAPA DE RISCOS do Concello de Vigo, que se corresponde co contido da acta do 18 de marzo de 2024 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE, que se achega neste expediente.

Terceiro: Comunicar o presente acordo ás persoas titulares das Concellerías Delegadas de Goberno, os responsables de áreas e servizos, así como os membros designados para Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, e para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto: Publicar o presente acordo na Intranet municipal, e no Portal de Transparencia municipal, para a difusión no conxunto da organización municipal.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(286).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE “PROLONGACIÓN DO TÚNEL DE ELDUAYEN AO ENCONTRO CO NOVO VIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO BARRIO DO CURA”. EXPTE. 1733/441.**

Visto o informe de fiscalización do 16/04/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 5/04/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de “Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura” (1733-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de “Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura” (1733-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación da REDACCIÓN DO PROXECTO DE “PROLONGACIÓN DO TÚNEL DE ELDUAYEN AO ENCONTRO CO NOVO VIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO BARRIO DO CURA”, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CINCOCE-*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*TOS NOVENTA E UN EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS” (288.591,96 €),  
Ive engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2023	88.591,96 €
2024	200.000,00 €

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos en data 22.09.2023.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 22.11.2023.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación partida orzamentaria 1539 6190003 (Porta da Sol), proxecto de gasto 17153903, do vixente orzamento 2023 por importe de 88.591,96 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2024, na partida orzamentaria 1539 6190003, crédito por importe de 200.000,00 €.*

*Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 44,30 %.*

*Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de “Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura” (1733-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	<b>UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.</b>	<b>89,13</b>
2	G.O.C., S.A.	83,07
3	UTE GALAICONTROL, S.L. - TYLin GPO, S.L.	71,13

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., para que*

*presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., o día 7 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida os días 20 e 21 de marzo de 2024, dentro do prazo concedido, e o día 4 de abril de 2024, fora do prazo. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

A documentación presentada consta de:

- O certificado de inscrición de ALFONSO PENELA no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e a escritura de constitución de CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (166.954,03 €), presentan as contas do ano 2022 de CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e o modelo 390 do ano 2023 de ALFONSO PENELA nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade en ambos casos.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (202.014,37 €), presentan facturas nas que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais mediante as correspondentes titulacións, informes de vida laboral, CV e declaración responsable dos licitadores.
- Solicitud de retención do importe na garantía no prezo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA de ambas compoñentes da UTE.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 5 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 19 de febreiro de 2024 e 26 de febreiro de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. o procedemento aberto para a contratación da redacción do*

*proxecto de “Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura” (1733-441) por un prezo total do contrato de 231.739,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 40.219,20 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(287).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERESE TURISTICA NO ANO 2024. EXPTE. 8625/104.**

Visto o informe xurídico do 21/03/2024 e o informe de fiscalización do 11/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/03/2024, asinado pola técnica en actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Vigo estase a converter nun referente turístico nacional. O turismo na cidade é unha das actividades económicas mais destacables xa que ten un gran compoñente de transversalidade por cando inflúe e depende ao mesmo tempo doutros sectores económicos, así como contribúe a preservación do noso medio natural, atractivos culturais, etnográficos, etc...

O destino Vigo, debe consolidar o desenvolvemento de novos produtos e tipoloxías turísticas que permitan crecementos de mercados emisores e a desestacionalización da demanda, ademais de favorecer o gasto medio por turista. Incidir, por iso, na promoción de Vigo como destino fora da tempada alta co obxectivo de combater a estacionalidade, e facer un destino atractivo todo o ano, é de grande relevancia para o sector.

Concretamente o turismo MICE é un potente motor de desenvolvemento dos destinos turísticos e importante xerador de ingresos, emprego e de inversión.

O turismo de reunións, convencionalmente coñecido polas siglas inglesas MICE (Meetings, Incentives, Conferences & Exhibitions), manifestou un crecemento prolongado ao longo dos últimos anos, producindo evidentes impactos positivos nos destinos turísticos que conseguiron posicionarse neste segmento.

A esta tipoloxía de turismo fóronlle atribuídas numerosas características positivas e beneficios para os destinos, non só dende unha perspectiva económica, senón tamén dende unha perspectiva que engloba a todos os ámbitos de maneira transversal: social, cultural, ambiental, innovación, tecnolóxico, etcétera. Entre outros beneficios destacan a súa capacidade para desestacionalizar a afluencia turística, o maior gasto medio dos participantes en comparación con outras tipoloxías de turismo, o papel do turista de negocios como prescriptor do destino, a contribución á promoción dos destinos turísticos,





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

así como o seu efecto dinamizador da economía, potenciando a aparición e especialización de empresas nesta industria.

O obxectivo principal desta subvención consiste en reposicionar a cidade turisticamente onde prime a desestacionalización da afluencia turística para conseguir un turismo constante ao longo do ano.

Os obxectivos xerais desta subvención responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:

- Contribuír á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano.
- Optimización dos recursos para a dinamización do turismo.
- Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico.
- Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.
- A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.
- Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadido
- Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do turismo en beneficio do desenvolvemento de eventos e congresos con especial interese turístico no ámbito local, a través do apoio, difusión e axudas a persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas. Os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024 consignan, na partida orzamentaria 4320.4700000 "SUBVENCIÓNS EVENTOS E ACTIVIDADES, PATROCINIOS", un crédito por un importe total de 90.000,00€ (noventa mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos da cidade de Vigo, que favorezan á promoción do turismo, sendo de vital importancia o afianzamento do turismo de congresos, xa que este sector turístico favorece a desestacionalización turística, xerando un turismo estable ao longo de todo o ano.

A consolidación dos eventos e congresos transmiten o fortalecemento da marca Vigo e xeran un atractivo turístico estable neste sector, polo que consideramos necesario que, o evento teña unha antigüidade mínima de dous anos.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos e congresos con especial interese turístico no ámbito local, de acordo co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen pre-

xuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a organización de eventos e congresos con fines de interese turística no ámbito local, no ano 2024 e súa convocatoria.

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por importe de 90.000,00€ (noventa mil euros) con cargo á partida orzamentaria 4320.47000000 "SUBVENCIÓNS EVENTOS E ACTIVIDADES, PATROCINIOS"

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### CONVOCATORIA PÚBLICA E BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICA NO ANO 2024.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos e congresos con especial interese turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

En relación cos eventos encamiñados ó fomento e promoción do turismo en beneficio do desenvolvemento turístico local, a través do apoio, difusión e axudas ás persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas da cidade de Vigo que desenvolvan eventos e congresos con interese turístico, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024 consignan, na partida orzamentaria 4320.4700000 "SUBVENCIÓNS EVENTOS E ACTIVIDADE, PATROCINIOS", un crédito por un importe total de 90.000,00€ (noventa mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos con fines de interese turístico da cidade de Vigo.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases reguladoras se integran no Plan estratéxico de subvencións 2024-2026 aprobado en data 8 de marzo de 2024 e teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2024.

#### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no período entre o 1 de xaneiro e ata o 1 de novembro de 2024, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e ben de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros), con cargo á partida orzamentaria 4320.4700000 "SUBVENCIONES, EVENTOS E ACTIVIDADE, PATROCINIOS" da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos no ámbito local con fines de interese turística. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Non serán obxecto de subvención, nin tidas en conta á hora de cuantificar os custes derivados da organización da actividade, aqueles eventos e congresos que de maneira directa ou indirecta, sexan sufragados total ou parcialmente, mediante calquera outro concepto orzamentario deste Concello de Vigo.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### **QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas que desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Os eventos e congresos de interese turístico deberán ter unha antigüidade mínima de dúas edicións.

3. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4. Os solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

a) Obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas ou sancións de natureza tributaria municipal.

b) Obrigacións tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia mediante a presentación da certificación á que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A estes efectos a solicitude deberá expresar o consentimento ou oposición para que o órgano instrutor poida comprobar ou solicitar doutros órganos, administracións ou provedores de información, por medios electrónicos, a información sobre o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou sobre outras circunstancias dos solicitantes ou das solicitudes que, de acordo coa convocatoria e a normativa aplicable, sexan pertinentes para a instrución do procedemento. En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os certificados ou probas que para o efecto lle esixa a convocatoria.

Non obstante, as entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Realizar o evento ou congreso subvencionado consonte co proxecto presentado, deixando constancia do financiamento municipal coa inclusión da imaxe corporativa oficial a través links, baners, distintas insercións publicitarias, etc...
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Empregar a lingua galega, castelán ou aquela lingua que corresponda ao país de promoción da realización das actividades subvencionadas.
- Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.
- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN. (55 puntos)**

#### **1.-VALORACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO EVENTO OU CONGRESO.**

As solicitudes valoraranse conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación tendo en conta os seguintes criterios:

### **1.1- Capacidade de comercialización do proxecto turístico.**

Deberá definir en memoria detalla a duración da campaña de promoción turística. Valorarase con ata un máximo de 10 puntos.

- De 1 a 5 días, valorarase ata un máximo de 5 puntos.
- De 6 a 10 días, valorarase ata un máximo de 9 puntos.
- Cando supere os 10 días valorarase con 10 puntos.

### **1.2.- Accións de promoción.**

Deberá definir en memoria detallada o plan de promoción turística indicando o número de publicacións e os soportes, así como as publicacións que se realizaron. Valorarase con ata un máximo de 25 puntos.

- **Promoción online, (Web, Newsletter, App, canal Youtube, etc...).** Valorarase ata máximo 10 puntos.
  - Entre 5 e 10 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.
  - Entre 11 e 20 publicacións, valorarase con ata 9 puntos.
  - Cando supere as 20 publicacións se valorará con 10 puntos.
- **Promoción en RRSS (Facebook, Instagram, Twiter, etc...).** Valorarase ata un máximo de 5 puntos.
  - Entre 10 e 20 publicacións, valorarase con ata 2,5 puntos.
  - Entre 21 e 30 publicacións, valorarase con ata 4 puntos.
  - Cando supere as 30 publicacións se valorará con 5 puntos.
- **Promoción en distintos soportes (comunicación, radio, prensa, revistas, televisión, vallas publicitarias, mobiliario urbano, rótulos, camisetas, etc...).** Valorarase con ata 10 puntos.
  - Entre 5 e 10 soportes, valorarase con ata 5 puntos.
  - Entre 11 e 20 soportes, valorarase con ata 9 puntos.
  - Cando supere os 20 soportes se valorará con 10 puntos.

### **1.3.-Ámbito da actividade promocional, rexional, autonómico, nacional ou internacional.**

Valorarase con ata 10 puntos.

- Rexional, valorarase con ata 2,5 puntos
- Autonómico, valorarase con ata 5 puntos.
- Nacional, valorarase con ata 7,5 puntos.
- Internacional, valorarase con ata 10 puntos.

### **1.4.- Antigüidade do evento ou congreso de interese turístico.**

Valorarase con ata 10 puntos.

- Entre 2 e 10 anos, valorarase con ata un máximo de 5 puntos.
- Entre 11 e 15 anos, valorarase con ata un máximo de 9 puntos.
- Cando supere os 15 anos valorarase con 10 puntos.

O evento ou congreso debe ter unha antigüidade mínima de 2 anos.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### **2.- DETERMINACIÓN DAS CONTÍAS DA SUBVENCIÓN DOS EVENTOS OU CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICO.**

Para a determinación das contías concretas da subvención dos eventos ou congresos de interese turístico, teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- Entre 25 e 35 puntos: 50% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 36 e 45 puntos: 75% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 46 e 55 puntos: 100% do custe da actividade subvencionada.

1.- A subvención máxima por evento non poderá superar os 25.000,00€, ni superar o 100% do custe da actividade subvencionada.

2.- Una vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas se ordenarán de maior a menor respecto á puntuación obtida, outorgándose a subvención en riguroso orden de prelación, hasta esgotar o crédito existente.

3.- A valoración final do proxecto de promoción turística deberá alcanzar un mínimo de 25 puntos ou quedará excluído do procedemento de concesión das subvencións.

### **OITAVA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local e publicada no Boletín Oficial da Provincia.

Cumprido o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Valoración formulará a correspondente proposta de concesión de subvención, de conformidade cos criterios que rexen a convocatoria e a documentación presentada.

Unha vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas ordenaranse de maior a menor respecto á puntuación obtida, outorgando a subvención en rigorosa orde de prelación, ata esgotar o crédito existente.

A proposta elevarase á Xunta de Goberno, quen resolverá a concesión de subvencións. Contra a resolución, que poñerá fin á vía administrativa, poderase interpoñer o oportuno recurso contencioso administrativo e calquera outro que conveña aos dereitos e intereses do interesado.

### **NOVENA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude por evento.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

## **DECIMA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar ademais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo I.1. Instancia de solicitude de subvención.
- Anexo I.2. Declaración responsable.
- Anexo I.3. Orzamento de ingresos e gastos segundo os aspectos recollidos na cláusula segunda destas bases.
- Anexo I.4. Modelo Certificación Secretario da entidade
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Certificación bancaria.
- Informe xustificativo da necesidade e oportunidade da actuación tendo en conta os criterios turísticos, así como a súa adecuación ao obxecto da convocatoria, incluíndo unha memoria descritiva das actuacións a realizar que deberá incluír una descrición detallada da actuación a realizar, así como información suficiente que permita valorar os criterios relacionados co interese turístico, concretando os aspectos que se recollen na cláusula sétima destas bases, e o grado de desenvolvemento do proxecto.
- Só para solicitantes de subvención por importe superior a 3.000,00 €, Certificado de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social .

3.- A solicitude deberá expresar o consentimento ou oposición para que o órgano instrutor poida comprobar ou solicitar doutros órganos, administracións ou provedores de información, por medios electrónicos, a información sobre o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Segurida-





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

de Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou sobre outras circunstancias dos solicitantes ou das solicitudes que, de acordo coa convocatoria e a normativa aplicable, sexan pertinentes para a instrución do procedemento. En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os certificados ou probas que para o efecto lle esixa a convocatoria.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- EMENDA DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunirá os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **DECIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na Web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades de promoción turística promovan e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar ó “Concello de Vigo”.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Turismo será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Turismo e a Técnica do Servizo de Turismo.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Turismo, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte á da notificación, se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### DÉCIMO CUARTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

As entidades beneficiarias, como entidade executoras das actuacións subvencionables, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométese a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións subvencionables, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as entidades beneficiarias, que asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

### DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2024 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. *“Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da*

*xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.*

2.- Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

- Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable.
- Anexo II.3. Balance de gastos segundo os aspectos recollidos na cláusula segunda destas bases.
- Memoria detallada das accións de promoción turística concretando os aspectos que se recollen na cláusula sétima destas bases, xustificando con material gráfico a realización das accións.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:
  - A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con facturas polo resto do Orzamento. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
  - Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Turismo do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

## **DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Turismo. A técnica do servizo de Turismo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### **DECIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **DECIMO OITAVA.- PAGAMENTO.**

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

### **DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIONES.**

#### **1. Perda do dereito ao cobro:**

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

#### **2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte

esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

## **VIXÉSIMA.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.**

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

## **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

1.- Os datos dos solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

## **VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

A presente convocatoria rexerase por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### ANEXO I.1

#### SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

(É requisito **imprescindible** o cumprimento de todos os campos)

#### DATOS DA ENTIDADE

Solicitante:										
Enderezo ou razón social:							Código postal:			
CIF:				Número de Rexistro Municipal de Asociación:						
Teléfonos (móbil de contacto e fixo da entidade):										
Correo electrónico:										
Número de Conta:										
IBAN		Entidade			Sucursal			DC	Número de conta	

#### Datos da persoa representante legal

Nome e apelidos:									
Enderezo:							Código postal:		
Teléfono contacto:					Correo electrónico:				
Cargo que ocupa:									

#### Subvención que se solicita

DENOMINACIÓN DO PROXECTO OU ACTIVIDADE:									
IMPORTE SOLICITADO:									
EXERCICIO ECONÓMICO									

### EXPOÑO

Que no meu nome e na representación da entidade que represento, comprométome a cumprir coas obrigas esixidas pola normativa de aplicación en materia de subvencións

### SOLICITO

O outorgamento dunha subvención para levar a cabo a dita actividade

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Estatutos de constitución da entidade

( só no caso de producirse algunha modificación non inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións)NO ES NECESARIO

Memoria de actividade e orzamento

Certificado da conta bancaria

(só no caso de modificación do número de conta respecto ao exercicio económico anterior)

Seguro de res-

ponsabilidade civil e recibo de pagamento actualizado NO ES NECESARIO PARA LA OBTENCION DE LA SUBVENCION

### PERSOAS OBRIGADAS A RELACIONARSE POR MEDIOS ELECTRÓNICOS COA ADMINISTRACIÓN

De conformidade co disposto no art. 14.2. da Lei/39/2015, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

O/ a solicitante autoriza ao Concello de Vigo a recabar os datos tributarios necesarios ante a AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social e Concello de Vigo.

Autorizo o acceso

Non autoriza- COMPLETA RECUADRO

En caso de non autorizar o acceso deberá achegar certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia e dos pagos coa Seguridade Social e do Concello de Vigo





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás Administracións Públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo na casilla correspondente e achegar unha copia dos documentos.

Certificado da inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións da entidade .

Opóñome á consulta

MOTIVO:

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE VIGO con CIF P3605700H e domicilio social na Praza do Rei s/n, 36202 Vigo, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Vigo. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO DE VIGO informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio dos poderes públicos.

Con esta cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados no caso de ser necesario a administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento destes, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou mediante escrito na sede electrónica (...>)

Vigo, de                      do

Sinatura do/da solicitante e selo da entidade

Á SRA. CONCELLEIRA DE TURISMO

S.ord. 19/04/2024

**ANEXO I.2**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dna

con DNI [ ] , en representación de [ ]

en virtude de acordo de nomeamento de data [ ]

**DECLARO**

- Que a entidade a cal represento cumpre os requisitos esixidos para obter a condición de beneficiaria. Achego xunto con esta solicitude a documentación acreditativa prevista na lei.
- Que a entidade á cal represento non está incurso en ningunha das circunstancias que imposibilitan obter a condición de beneficiario das subvenciones segundo o artigo 13 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, xeral de subvencións. E que esta entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro ao abeiro do art.31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos termos do art. 21 do Regulamento xeral de subvencións.
- A entidade a cal represento se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, consonte o disposto no artigo 25 do Regulamento xeral de subvencións , aprobado por R.D. 887/2006, do 21 de xullo.
- A entidade solicitou as seguintes axudas para a mesma actividade obxecto desta solicitude:

**DESCRIPCIÓN DAS AXUDAS**

SOLICITADAS	CONCEDIDAS	ENTIDADE	IMPORTE

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación ante o Concello de Vigo da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, de do

Sinatura do/da solicitante e selo da entidade



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

ANEXO I.3.- ORZAMENTO DE GASTOS NO ANO 2024			
Don/Dna		DNI	
Secretario/a da entidade		CIF.	

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos previsto no ano 2024 son os seguintes:

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos	€
Ingresos patrocinadores	€
Concellería de Turismo	€
Deputación de Pontevedra	€
Outras subvencións do Concello de Vigo	€
...	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
Gastos Material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos da campaña de promoción turística	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Vigo, de de 20

Sinatura dixital do/a secretario/a	Sinatura dixital do/da presidente/a
------------------------------------	-------------------------------------

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a eventos e congresos de interese turística no ano 2024. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

S.ord. 19/04/2024

**ANEXO I.4**

**MODELO DE CERTIFICADO DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE OU PERSOA QUE TEÑA ATRIBUÍDA ÁS FUNCIÓNS DE CERTIFICACIÓN DE FEITOS E ACORDOS**

[Empty box for name]

D/Dña

con DNI [Empty box], secretario/a da entidade

[Empty box] con CIF [Empty box]

en relación coa solicitude dunha subvención ao Concello para o 2024 para o evento ou congreso de interese turístico

[Empty box]

CERTIFICO:

Que segundo acta/estatutos/escritura.....que tivo lugar o día

[Empty box] nomeouse presidente/a ou representante legal a

con [Empty box] DNI [Empty box] núm.

[Empty box]

E para que conste e para os efectos oportunos, asino este certificación co conforme do/da presidente/a

Vigo, de do

Sinatura do/da solicitante e selo da entidade

Conforme  
O/A presidente/a



**ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-**

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	concepto do gasto	*Base im- poñible	*IVE
Suma anterior...				.....	.....
TOTAL			Base Impoñible	€ IVE	€

D. \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_ secretario/a da entidade  
 CIF: \_\_\_\_\_ certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de \_\_\_\_\_ € de base imponible, e \_\_\_\_\_ € correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actividade subvencionada pola Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

Vigo, de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Sinatura dixital do/da Presidente/a	Sinatura dixital do/da secretario/a
-------------------------------------	-------------------------------------

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.  
 A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.  
 A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a eventos ou congresos con interese turística ano 2024.  
 O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.  
 Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.  
 As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opositor á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante  
 O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ( [www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna.		DNI:	
Secretario/a da Entidade		CIF:	

#### DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que o evento ou congreso de interese turístico subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de .....€ (CAMPO OBRIGATORIO. DEBE COINCIDIR CO IMPORTE TOTAL DE GASTOS DETALLADO NO ANEXO II.3)
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Turismo do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT, coa TGSS e co Concello de Vigo.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Turismo do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo. De non ser así, marcar:
- Que esta entidade ten solicitadas e/ou concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do mesmo proxecto de actividade subvencionado polo Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20\_\_

Sinatura dixital do/da secretario/a	Sinatura dixital do/da Presidente/a
-------------------------------------	-------------------------------------

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lécitimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades que desenvolvan eventos ou congresos de interese turístico ano 2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**ANEXO II.3.-BALANCE DE GASTOS**

D/Dna.		DNI:	
Secretario/a da Entidade		CIF:	

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos	€
Ingresos patrocinadores	€
Concellería de Turismo	€
Deputación de Pontevedra	€
Outras subvencións do Concello de Vigo	€
...	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

BALANCE DE GASTOS	IMPORTE
Gastos Material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos da campaña de promoción turística	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Vigo, de de 20

Sinatura dixital do/da secretario/a:	Sinatura dixital do/da Presidente/a:
--------------------------------------	--------------------------------------

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A **finalidade** do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas de interese turísticoano 2024.

O **prazo de conservación** dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os **datos** poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

**As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade**, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante **O órgano responsable do ficheiro** (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### ANEXO III.1.

#### **Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a organización de eventos ou congresos con fines de interese turística no ano 2024.**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos e congresos con especial interese turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

En relación cos eventos encamiñados ó fomento e promoción do turismo en beneficio do desenvolvemento turístico local, a través do apoio, difusión e axudas ás persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas da cidade de Vigo que desenvolvan eventos e congresos con interese turística, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024 consignan, na partida orzamentaria 4320.4700000 "SUBVENCIONES EVENTOS E ACTIVIDADE, PATROCINIOS", un crédito por un importe total de 90.000,00€ (noventa mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos con fines de interese turística da cidade de Vigo.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2024.

#### **SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros), con cargo á partida orzamentaria 4320.4700000 "SUBVENCIONES, EVENTOS E ACTIVIDADE, PATROCINIOS" da concellería de turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos no ámbito local con fines de interese turístico. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

#### **TERCERA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas e desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

#### **CUARTA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva

#### **QUINTA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia,

#### **SEXTA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

#### **SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concellería de Turismo será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Turismo e a Técnica do Servizo de Turismo.

#### **OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2024 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

#### **NOVENA.- PAGAMENTO.**

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

#### **ANEXO III.2.**

##### **Extracto da convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a organización de eventos ou congresos con fines de interese turística no ano 2024.**

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2024.

#### **SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros), con cargo á partida orzamentaria 4320.4700000 “SUBVENCIONS, EVENTOS E ACTIVIDADE, PATROCI-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

NIOS" da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos no ámbito local con fines de interese turística. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

### **TERCERA.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas e desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

### **CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva

### **QUINTA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

### **SEXTA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na Web do Concello de Vigo.

### **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2024 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

### **21(288).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN MODIFICADO DO POLÍGONO 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A. EXPTE. 4719/401.**

Visto o ditame favorable do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 16/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/04/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno de Urbanismo, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES E FEITOS

### A) Actuacións Administrativas realizadas

Con data do 29.07.2002 o Pleno do Concello de Vigo, acordou prestar aprobación definitiva á “Modificación Puntual núm. 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana” (Exp. 6527/411).

En data 28.07.2004 o Pleno do Concello de Vigo, prestou aprobación definitiva ao PERI IV-01 San Roque (Exp. 8159/411) cuxo punto segundo da súa parte dispositiva reza como segue: “(...) Aprobar definitivamente o “PERI IV-01-San Roque A”, de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo (...)”.

O 24.10.2005 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, prestou aprobación á constitución da Xunta de compensación do polígono 3 do PERI IV 01 San Roque; En data 10.03.2008 a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar definitivamente o Proxecto de compensación (Exp. 4783/401).

Finalmente, con data do 04.08.2008 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, prestou aprobación con carácter definitivo, ao “Proxecto de urbanización do polígono 3, do PERI IV 01 San Roque A”, proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Alberto Moreno García e o arquitecto José Antonio Comesaña García.

Neste estado da tramitación, e trala achega de diversas achegas, dando cumprimento a senllos requirimentos efectuados por esta administración en atención aos informes técnicos que obran no expediente, con datas 06.09.2021 e 07.09.2021 ( doc. Núm. 21018828889, 210182895, 210182896, 210182897, 210183214 y 210183215) a Xunta de compensación do Polígono 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A , presenta no rexistro electrónico desta XMU, documentación completa do proxecto, axustando o orixinal aprobado as novas normativas; A antedita documentación foi informada favorablemente o 09.09.2021 polo enxeñeiro civil adscrito a oficina de urbanización e infraestruturas.

### B) Modificación do Proxecto de urbanización

I. Sentados os antecedentes expostos, con data do 30.10.2023 ( Cod. Sol.: W988639-5990; Doc. Núm. 230341495) a Xunta de compensación do Polígono 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A , insería no Rexistro electrónico desta XMU, impreso de solicitude, ao que xunta, informe sobre os axustes a realizar na urbanización do polígono de San Roque.

A vista da antedita documentación, con data 09.11.2023 o enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas emite informe técnico, no que conclúe que resulta necesario a tramitación dun proxecto Modificado de urbanización a vista dos cambios producidos.

Con data do 04.03.2024 e 03.04.2024 a Xunta de compensación do Polígono 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A , insire no rexistro electrónico desta XMU, documentación técnica consistente no Modificado do proxecto de urbanización do Polígono 3 PERI IV- 01 San Roque, co núm. XMU-240000296,(DOC. Núm. 240075355) e núm. XMU-24000490 (doc. Núm. 240107958), aos efectos da súa tramitación e aprobación.

II. Examinada a antedita documentación, constan emitidos os seguintes informes técnicos municipais, de carácter favorable, a documentación técnica presentada:

- Informe do Enxeñeiro civil de data 06.03.2024, ao Doc. Núm. 240075355 no que conclúe que, Este nuevo documento presentado, corrige las deficiencias detectadas en el documento antes presentado el 12/01/24 Doc 240019878, deficiencias reflejadas en el informe de 27/02/24, así como los informes emitidos por el departamento de movilidad y de electromecánicos. Este técnico considera que este proyecto modificado da respuesta a las deficiencias planteadas durante la ejecución de las obras, a la normativa vigente, a la seguridad del ámbito y a los equipamientos dispuestos, Por lo tanto, propone que se continúe su tramitación y aprobación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- Informe da Arquitecta xefa do departamento de Desenvolvemento Urbanístico de data 08.04.2024, ao documento núm. 240107958, do seguinte teor literal,

*“(..)O PGOU 1993 vixente delimitou o ámbito PERI IV-01 SAN ROQUE A, o 29/07/2002 o Pleno do Concello acordou a aprobación definitiva da modificación puntual nº 23 do PGOU de 1993 da ficha do Peri e en data 28/06/2004 procedeuse a aprobación definitiva do PERI IV-01 SAN ROQUE A, expte. 8159/411, e, entre outras cousas, tamén aprobaba a simultánea delimitación en catro polígonos para o seu desenvolvemento. O proxecto de urbanización do polígono nº 3, foi aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 4/08/2008.*

*A ordenación do PERI buscaba a integración da nova ordenación coa estrutura tradicional do barrio de Ribadavia, illado no interior do ámbito e co resto da cidade, e conseguir un viario interior axeitado ás novas necesidades da ordenación. O ámbito presentaba unhas particularidades topográficas e dificultades de partida importantes, en materia de accesibilidade, de aí o seu illamento. A subdivisión de polígonos do plan especial creou unha dependencia entre os polígonos para obter este obxectivo. A vialidade deste polígono se basa nos viarios lonxitudinais perimetrais existentes, na parte inferior, a rúa Vázquez Varela e a rúa Pizarro e, na parte superior, polo viario en proxecto n.º 9 denominado “continuación da rúa Ribadavia” viario categorizado con tráfico rodado. Transversalmente a ordenación resolverse cun viario de tráfico peonil, e recorridos deseñados con ramplas e complementados con escaleiras. nas zonas con maior dificultade topográfica.*

*Segundo a memoria do proxecto modificado, durante o ano 2021 e, xusto antes da sinatura da acta de replanteo do 30/09/2021 e inicio das obras, se levaron a cabo axustes no proxecto debido ao tempo transcorrido dende a súa redacción, no ano 2008, aos que posteriormente engadíronse os derivados da execución física das obras de urbanización, debido á topografía real do ámbito, o contacto coas parcelas colindantes, aos derivados dos requirimentos dos servizos municipais de electromecánicos, parques e xardíns, mobilidade e seguridade, que foron documentadas e supervisadas no informe do técnico de infraestruturas de 6/03/2024.*

*O viario n.º 9 proposto atópase integramente no polígono n.º 1 colindante, que polo momento non vai a desenvolverse, (nin está previsto na futura revisión do PXOM), polo que a vialidade do polígono 3 queda comprometida. Mentres que o acceso rodado aos edificios previstos foi solucionado pola rúa Vázquez Varela co establecemento de servidumes de paso nos sótanos das parcelas edificables, e un acceso ao camiión de bombeiros polo parque. Esta solución foi comunicada ao servizo de bombeiros, apesares do tempo transcorrido non consta a resposta, polo que enténdese que non existe impedimento. En canto a accesibilidade peonil, a solución que aporta o proxecto modificado conleva uns recorridos alternativos que poderían resultar discriminatorios pola súa lonxitude, polo que nesta última versión do proxecto optase por unha mellora máis cualificada que é a de establecer unha nova conexión exterior á infraestrutura accesible existente no polígono nº 2, o ascensor ubicado no lateral de Mercadona que da acceso a cuberta transitable do edificio, e que cun tratamento superficial duns 40 m.l. permite a ampliación e conexión dos recorridos accesibles dos dous polígonos, conseguindo non só reducir as lonxitudes dos inicialmente propostos, se non mellorar, a accesibilidade de conxunto e a posta en valor dunha infraestrutura, ao do ascensor, na actualidade infrutilizada.*

### FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

#### I. Normativa examinada

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013),
- O resto da disposicións que poidan afectar,

## II.- Modificación do Proxecto de urbanización. Motivación e suficiencia da documentación

Na memoria descritiva do proxecto modificado achegado, xustifícase polo miúdo os motivos que dan lugar ao presente acordo, e no que a modo de resumo, conclúen que, resultan sobrevidas con ocasión da execución das obras.

Ditas causas/ motivos, reflíctense nos informes técnicos municipais supra relacionados nos antecedentes de feitos, e a cuxo contido nos remitimos.

O proxecto modificado integrase polos seguintes documentos: Memoria: Memoria descritiva, Anexos a Memoria, Planos, Prego de Condicións, Medicións e Presuposto.

Dito extremo, verbo da suficiencia da documentación achegada, se contén nos informe técnicos, incorporados ao expediente dixital de razón, de datas 06.03.2024 e 08.04.2024 (trámites 351 e 366).

## III.- Tramitación

Tal e como se indicou no expositivo, a observancia dos principios de brevidade e subsidiariedade administrativa comporta que se reiteren as consideracións contidas neste apartado no informe proposta que deu lugar á aprobación definitiva do proxecto de urbanización, do que devén o presente modificado.

No concernente á tramitación dos proxectos de urbanización así como as súas modificacións, o artigo 96.3 da LSG e en similares termos o artigo 226 do RLSG, determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes, mediante anuncio que se inserirá no Boletín oficial da Provincia, nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

En puridade o documento en exame alberga prescricións que determinan condicións e termos para a máis doada execución das obras.

## IV.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos incorporados ao expediente de datas 06.03.2024 e 08.04.2024, que se incorporan á presente proposta e que lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### ACORDO:

PRIMEIRO: Prestar aprobación, con carácter inicial ao “Proxecto Modificado de Urbanización do Polígono 3- PERI SAN ROQUE”, instrumento urbanístico conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 04.03.2024 , (DOC. Núm. 240075355) e 03.04.2024 (doc. Núm. 240107958) , actualizada e refundida, elaborada polos arquitectos J. D. R. R (Colexiado núm. 1104 do COAG) e D. R. Z (Colexiado núm. 1918 do COAG), de data xaneiro de 2024.

SEGUNDO: Subsecuentemente e a teor da nova documentación que se incorpora ao expediente e a que se presta aprobación inicial, sométese o mesmo a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se inserirá no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, e nun dos xornais de maior difusión da provincia, computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos departamentos municipais con competencias na materia, así como as empresas subministradoras Aqualia, Unión Fenosa Distribución, Telefónica de España, R Cable y Telecable Telecomunicacións, e Nedgia, SA.

CUARTO: O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal/#/](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/), e no Portal de Transparencia.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(289).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ENTRE A XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL “PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL”, PARA A ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN CONXUNTA DA API DO ESPAZO DE CESIÓN E DO ESPAZO PÚBLICO VINCULADO Á LICENZA DO EDIFICIO SITO NA RÚA URZÁIZ 136-138. EXPTE. 5309/401.**

Visto o ditame favorable do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 16/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/04/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno de Urbanismo, que di o seguinte:

#### I.- Antecedentes e Feitos

I.I. Con data do 14.06.2021 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo do Concello de Vigo, ditou Resolución no expediente tramitado baixo o núm. 101856/421, pola que dispuxo,

*“(..).Primeiro.- Autorizar o proxecto reformado do básico autorizado por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020, redactado polos arquitectos D. Santiago Castro Paz e Francisco D. Javier Mariño Mendoza con data 16/03/2021.*

*Segundo.- Manter firme a resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020 no que non resulte modificado pola presente.(..).”*

No dispoñendo segundo reproducido no parágrafo que antecede acordábase manter firme a resolución ditada pola Concelleira Delegada da Área de urbanismo con data do 26.02.2020 na que, e no que aquí nos interesa, levaba implícita o deber de ceder para o aproveitamento público interior (API) 686,00 m<sup>2</sup> de uso en superficie totalmente urbanizados (acta de liña e rasante 17048/411), libre de cargas e gravames de todo tipo, que se realizara en escritura pública notarial ou documento público administrativo ao que se achegará un plano de situación e outro de deslinde, documento que se inscribirá no Rexistro da propiedade nun prazo máximo de tres meses.

Advertido un erro de carácter material na antedita resolución, con data do 10.03.2020 emítase informe técnico, no que se corrixe a superficie de cesión acadando unha superficie de 683, 00 m<sup>2</sup>.

I.II. En cumprimento do dito deber urbanizador, con data do 09.03.2023 o promotor insire no rexistro electrónico desta XMU (Cod. Sol.: W876830-2740; Doc. Núm. 230062846), documentación técnica consistente en *“Proxecto de urbanización do espazo de cesión de Urzaiz 136-138”*, redactado conxuntamente polos Enxeñeiros Industriais, Antonio Reboreda Fernández, Antonio Reboreda Martínez e Beatriz Pérez Ribas, colexiados nº 2217, 492 e 2225 do ICOIIG e os Arquitectos, Santiago Castro Paz e Francisco Javier Mariño Mendoza, colexiados 1225 e 2608 do COAG , de data marzo de 2023.

I.III.- Con data do 26.04.2023 o enxeñeiro técnico de obras públicas, adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas, emite informe técnico favorable ao referido proxecto de urbanización do espazo de cesión de Urzaiz 136-138, que forma parte do proxecto de execución do edificio (Exp. 101856/421).

I.IV.- Con data do 05.10.2023, a entidade “Promociones Domingo Fernández, SL” con CIF B36686228, insire no rexistro electrónico desta XMU (Doc. Núm. 230309679 e Cod. Sol.: W978941-5465), documentación técnica, consistente nas medicións do proxecto de urbanización do espazo de cesión e espazo público vinculado ao edificio da rúa Urzáiz 136-138 (Vigo) adaptado os prezos a base de datos empregada polo Concello de Vigo para a confección dos proxectos municipais.

I.V.- Neste estado da tramitación, con data do 20.10.2023 a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, emite informe técnico favorable, verbo da conveniencia e oportunidade da ordenación e urbanización conxunta do API sito na rúa Urzáiz 136-138 e San Roque 115 (trámite 22 do exp. 5309/401), do seguinte teor literal:

#### **ANTECEDENTES**

*Promociones Domingo Fernández SL ten vinculada na licenza do edificio que promove en Urzaiz 136-138 a cesión de uso público e urbanización do aproveitamento público interior, API, no patio de cuarteirón, expte.101856/421.*

*Porén, á vista da proposta de ordenación e execución da urbanización do API contida nos documentos 230062846 do 9/03/2023 e no 230309679 do 5/10/2023, non só se ordena e urbaniza a superficie de cesión vinculada na licenza, se non que esta actuación se estende ao resto da superficie pública*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*colindante. Esta superficie, que presenta na actualidade un uso residual, está minimamente urbanizada e conta con un baixo nivel de mantemento.*

*Tralo análise da documentación que figura no expediente, emítese o seguinte:*

### INFORME

*A resolución de data 14/06/2021 da licenza para a construción dun edificio na rúa Urzaiz 136, solicitada por Promociones Domingo Fernández SL, acordou:*

*Primeiro.- Autorizar o proxecto reformado do básico autorizado por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020, redactado polos arquitectos D. Santiago Castro Paz e Francisco D. Javier Mariño Mendoza con data 16/03/2021*

*Segundo.- Manter firme a resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020 no que non resulte modificado pola presente.*

*A resolución da concelleira de data 26/02/2020 levaba implícita o deber de:*

*“ceder para o aproveitamento público interior (API), 686,00m<sup>2</sup> de uso en superficie totalmente urbanizados (acta de liña e rasante 17048/411).*

*Tal cesión, libre de cargas e gravames de todo tipo, realizarase en escritura pública notarial ou documento público administrativo e achegará un plano de situación e outro de deslinde, documento que se inscribirá no Rexistro da propiedade no prazo máximo de tres meses”.*

*En trámite posterior, tras ser detectado un erro, consta no expediente informe técnico de data 10/03/2020 no que se corrixe a superficie de cesión a 683,00m<sup>2</sup>.*

*En cumprimento de dito deber urbanizador, o promotor achega o documento n.º 230062846 do 9/03/2023. “PROYECTO URBANIZACIÓN DEL ESPACIO DE CESIÓN DE URZAIZ 136-138” redactado conxuntamente polos Enxeñeiros Industriais, Antonio Reboreda Fernández, Antonio Reboreda Martínez e Beatriz Pérez Ribas, colexiados nº 2217, 492 e 2225 do ICOIIG e os Arquitectos, Santiago Castro Paz e Francisco Javier Mariño Mendoza, colexiados 1225 e 2608 do COAG asinado en marzo de 2023.*

*Neste proxecto, o promotor do edificio: Promociones Domingo Fernández SL expón a posibilidade dunha intervención conxunta en ambas zonas do API, zona de cesión e zona pública, que permita ordenar e dotar de coherencia estética e funcional á súa totalidade con obxectivo de acadar unha rexeneración completa do API que redunde no beneficio común de todos os interesados. Este proxecto, que foi informado o 26/04/2023 polo Enxeñeiro do servizo de Urbanización e Infraestruturas, e forma parte do expediente e foi consensuado co servizo de electromecánicos, forma parte do proxecto de execución do edificio.*

### ANALISE TÉCNICO DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE

*Dende un punto de vista técnico, esta semella unha solución axeitada dado que a pequena superficie das dúas partes do API non permite tratalos como elementos autónomos e funcionalmente independentes e, a máis, estar moi condicionada pola necesidade de garantir os accesos aos garaxes e espazos residuais existentes. A proposta tenta sacar partido a estes espazos e tratalos de forma homoxénea.*

*A ordenación do espazo interior ten como obxectivo principal establecer a conexión peonil accesible entre as rúas Urzaiz e San Roque, actualmente inexistente, respectar as entradas e cotas dos garaxes das comunidades de propietarios de Gregorio Espino 29 e San Roque 113, 115 e 117 e revitalizar os espazos residuais actuais nun recorrido peonil atractivo e urbanizado cos estándares actuais, o que tan só pode facerse dende unha proposta conxunta.*



Ordenación do API

O presuposto de execución material do proxecto ascende a 280.589,38€, dos que a urbanización da parte pública representa 126.128,45€. Pola súa banda, o presuposto de execución por contrata ascende a 404.020,65€, dos que a urbanización da parte pública representa 181.612,35€.

Porén, e co gallo de salvagardar o interese público, recóllese nun anexo o presuposto das obras elaborado coas bases de prezos municipais da concellería de Fomento. O presuposto de execución material, así calculado, ascende a cantidade de 259.100,79€, dos que a urbanización da parte pública representaría 113.107,49€,. Pola súa banda, o presuposto de execución por contrata ascende a 373.079,23€, dos que a urbanización da parte pública representaría 162.863,47€.

Nesta situación, o Concello debería asumir un máximo 162.863,47€ que corresponderían ao custe de urbanización da parte pública segundo os prezos da base municipal. De calquera xeito, esta cantidade representaría un máximo de inversión, determinándose a aportación real do Concello como resultado da confección das certificacións acreditativas do custo das obras realmente executadas, Pola súa parte, o promotor asumiría o custo íntegro de urbanización da zona de cesión e calquera desviación sobre a aportación máxima anteriormente definida.

#### CONCLUSIONES

Unha vez remarcada a idoneidade técnica de acometer de xeito conxunto unha intervención que vai permitir a mellora do espazo público e axilizar a execución do planeamento, debe estudarse xuridicamente a posibilidade da redacción dun convenio de colaboración que ampare a actuación que se propón, (..).

Con data do 21.12.2023, o Interventor Xeral Municipal emite dilixencia de fiscalización de conformidade, na que expresa que "(..)Verificados os extremos aos que se estende a función interventora, de conformidade co disposto no artigo 11 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a xuízo desta intervención o expediente obxecto de fiscalización axústase á legalidade, polo que fiscalízase de conformidade. Deberá existir crédito, por importe de 162.863,47 euros, no Orzamento de 2024, artigo 60 de investimentos en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral. (..).

I.VI.- Con data do 05.12.2023 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo, Aprobar o proxecto de texto inicial, que figura como anexo a esta proposta, co seguinte título: PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ENTRE A XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL "PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL" PARA A ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN CON-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

XUTNA DO ESPAZO DE CESIÓN E DO ESPAZO PÚBLICO, VINCULADO A LICENZA DO EDIFICIO SITO NA RÚA URZÁIZ 136-138."

I.VII.- En cumprimento do amentado acordo de aprobación inicial, someteuse o expediente ao preceptivo trámite de información pública, mediante senllos anuncios publicados no DOGA, núm. 25, do 5 de febreiro de 2023, nun dos diarios de maior circulación, Faro de Vigo de data 29.12.2023, e na sede electrónica do Concello de Vigo; Asemade, procedeuse a notificación individualizada aos interesados no procedemento.

I.VIII.- Con data do 08.03.2024 o xefe dos servizos centrais da XMU, estende dilixencia para facer constar que, o *"Convenio urbanístico de execución de planeamento, entre a Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e a mercantil "Promociones Domingo Fernández, SL", para a ordenación e urbanización conxunta da API do espazo de cesión e do espazo público vinculado á licenza do edificio sito na rúa Urzáiz 136-138"*, someteuse ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 29 de decembro de 2023), no Diario Oficial de Galicia (número 25, do 5 de febreiro de 2024) e na sede electrónica do Concello de Vigo.

Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún

En base ao mesmo, con data do 11.03.2024 o Secretario da XMU co visto e prace da Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, emite certificado de fin de exposición pública, do seguinte teor literal, *"(.)Que, durante o período de información pública do expediente núm. 5309/401, do "Convenio urbanístico de execución de planeamento, entre a Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e a mercantil "Promociones Domingo Fernández, SL", para a ordenación e urbanización conxunta da API do espazo de cesión e do espazo público vinculado á licenza do edificio sito na rúa Urzáiz 136-138", aberto polo prazo de un (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 29 de decembro de 2023), no Diario Oficial de Galicia (número 25, do 5 de febreiro de 2024) e na sede electrónica do Concello de Vigo, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 8 de marzo de 2024, polo Xefe de Servizos Centrais da XMU, non se presentou escrito de alegación algún.(.)"*:

I.IX.- Así as cousas, con data do 01.04.2024 a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, acordou prestar aprobación ao proxecto de texto inicial do dito Convenio.

II.- Dereito/ Valoración Xurídica

II.I. Normativa Básica aplicable

TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de

Galicia),  
LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),  
LPACAP(L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),  
LRXSP (L. 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público),  
LALGA ( L. 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia),  
PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,  
Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),  
O resto de disposicións que poidan afectar,

## II.II.- Efectos e obxecto do Convenio

O artigo 86.1 da LPAC sinala que, *“(...) as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios o contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule (...)”*.

De conformidade co previsto nos artigo 165.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no artigo 398.1 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, as administracións públicas poderán celebrar convenios urbanísticos con persoas públicas ou privadas, coa finalidade de colaborar e desenvolver de maneira máis eficaz a actividade urbanística.

Neste senso, obra incorporado ao expediente informe técnico de data 20.10.2023, no que avalía a conveniencia e oportunidade da subscrición dun convenio para a referida actuación, e conclúe que, semella unha solución axeitada dado que a pequena superficie das dúas partes do API non permiten tratalos como elementos autónomos e funcionalmente independentes, a intervención conxunta neste espazo, facilitará a mellora do espazo público e axilizará a execución do planeamento, mediante un acordo de financiamento de tal actuación.

No que respecta as cuestións xurídicas que reviste a subscrición do dito convenio, a técnica que subscribe, válida a mesma a través do presente informe, ao constituír a canle axeitada para regular o réxime xurídico da actuación, supondo un adecuado medio de eficiencia e xestión para acadar a finalidade pretendida; poren, terá que axustarse ás esixencias procedimentais e substantivas establecidas polo ordenamento xurídico, as canles haberán de ser cumprimentadas, obviamente, tamén nas actuacións administrativas posteriores dirixidas a súa plena materialización.

Incorpórase ao expediente, dilixencia de fiscalización de conformidade, asinada o 21.12.2023 polo Interventor Xeral Municipal, na que expresa que *“(.)Verificados os extremos aos que se estende a función interventora, de conformidade co disposto no artigo 11 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a xuízo desta intervención o expediente obxecto de fiscalización axústase á legalidade, polo que fiscalízase de conformidade. Deberá existir crédito, por importe de 162.863,47 euros, no Orzamento*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

de 2024, artigo 60 de investimentos en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral. (..).

II.III.- Da non necesidade dun novo trámite de información pública

O artigo 401.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, dispón que, *“Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período mínimo dun mes (artigo 168.1 da LSG).*

*O anuncio deberá incluír o texto íntegro do convenio ou indicar expresamente o lugar ou punto de acceso electrónico a unha dirección na que se poida consultar o seu contido íntegro, e deberá facer constar a identidade das partes, que se comprometerán á súa firma e, se procede, de todas as persoas que expresasen ata ese momento a súa intención de adherirse.*

*Durante todo o período de información pública, o texto íntegro do convenio, que deberá conter o seu obxecto e a identificación gráfica e descritiva do ámbito espacial ao que se refire, deberá:*

*a) Estar depositado nas dependencias correspondentes da administración que asine o convenio para que se poida consultar, xunto co resto do expediente administrativo.*

*b) Ser accesible directamente, para a súa consulta, con medios telemáticos, con indicación da dirección completa da páxina Web ou punto de acceso electrónico oficial que permita localizalo”*

*Asemade o dito precepto establece que, “Previa información pública, o órgano que negociase o convenio terá de elaborar, á vista das alegacións, unha proposta de texto definitivo do convenio, da cal se dará vista á persoa ou persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparaos ou, no seu caso, renuncia (artigo 168.3 da LSG).*

Deste xeito, de conformidade co disposto no dito artigo 401.2 do RLS, unha vez negociada e subscrita a proposta de convenio urbanístico pola entidade mercantil “Promocións Domingo Fernández, S.L” e tralo acordo adoptado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, someteuse ao trámite de información pública, polo prazo dun mes, contado desde a última publicación do anuncio, mediante publicación do anuncio na páxina 7 do diario “Faro de Vigo” do 29 de decembro de 2023, no Diario Oficial de Galicia núm. 25, do 5 de febreiro de 2024, e na páxina web do Concello de Vigo. Durante este prazo a proposta de convenio e o expediente completo puideron ser consultados no Departamento de Información da Xerencia de urbanismo (sito na planta baixa do Edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo, na praza do Rey, s/n), de luns a venres, de 9.00 ás 13.30 horas.

Durante o devandito período de información pública, non se presentou ningún escrito de alegacións nin documentos sobre o referido asunto, tal e como consta acreditado no relato de feitos; polo que a Xerencia Municipal de Urbanismo trasladou a proposta de Convenio á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, sen ningún tipo de rectificación ni alteración do texto inicial exposto ao público.

Conforme ao disposto no artigo 10.1.d) dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo - aprobados definitivamente polo Pleno do Concello en data 6 de setembro de 2020 (BOP nº 193, do 6 de outubro de 2010)- e o artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Locala, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión que tivo lugar con data do 1 de abril de 2024 aprobou o texto inicial da proposta de convenio urbanístico entre a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e a mercantil Promocións Domingo Fernández, S.L., para a ordenación e urbanización conxunta dá API do espazo de cesión e do espazo público vinculado á licenza do edificio sito na rúa Urzáiz, 136-138 , **sen ningún tipo de rectificación ni alteración do texto inicial exposto ao público.**

A doutrina xurisprudencial sobre a necesidade dunha nova información pública en supostos de introdución de cambios respecto da aprobación inicial é certamente restritiva á hora de considerar cales me-

recen a cualificación de substanciais ( entre outras a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do contencioso-administrativo, Sección 2ª, Sentencia 776/2912 de 26 de Julio de 2012, Rec. 4388/2009).

Sentado o anterior, entende a xurídica que subscribe a presente, que non resulta preciso nin ningún novo ou segundo trámite de información pública, mentres o texto inicial xa exposto non sufra durante a tramitación ningún cambio que supoña a alteración substancial da proposta de convenio (Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 5ª, de 17 de Mayo de 2012, Rec. 807/2010). Neste senso, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 5ª, do 11 de xullo de 2017, Rec. 215/2016, confirma que: *“No que á publicidade e sometemento a idéntico trámite de información pública de convenios urbanísticos celebrados con ocasión da nova ordenación a conter no POUM impugnado refírese, a razón de ser de tales esixencias, contidas nos arts. 9.3 , e 104.1 do Decreto Lexislativo 1/2010, do 3 de agosto (TRLU), de aplicación ao caso en atención á data de aprobación provisional do POUM cuestionado, e 26.3 do Decreto 305/2006, do 18 de xullo, (RLU), radica en evitar o descoñecemento dos motivos que inspiran o plan en transo de aprobación, pois a opacidade daqueles, en suma, o non revelar de forma masiva convenios que inspiran as determinacións do plan de que se trata, desnaturaliza cando menos o procedemento endereitado á súa aprobación. No suposto que nos ocupa, a teor da documental anexada aos escritos de contestación de recorrida e codemandada, resulta que os seis convenios urbanísticos anexados ao documento aprobado provisionalmente, que se din faltos de información pública pola actriz, foron efectivamente publicados, por duplicado no DOGC e no Boletín Oficial de Tarragona, e obxecto daquel trámite con anterioridade á citada aprobación provisional. E, con ser certo que, para cinco daqueles convenios, o inicio do prazo de exposición pública, determinado pola publicación daqueles, tivo lugar apenas tres días antes do acordo de aprobación provisional do plan, o 18 de febreiro de 2011, é indubidable que tal información pública foi aperturada, que os convenios foron accesibles á cidadanía, e que fronte a eles puideron ser presentadas cantas alegacións conviñesen, entre outros, á propia recorrente, de modo que, tendo lugar a publicación daqueles convenios no seo do propio procedemento de elaboración da disposición impugnada, non se adiviña tacha ao procedemento que esixa declaración de nulidade con retracción de actuacións como a pretendida”*.

Pola súa banda, tampouco procede a emisión de informes en relación coas alegacións presentadas, dado que tal e como se ten certificado, non se presentou ningunha alegación nin documento durante o preceptivo trámite de información pública.

Nesta fase do procedemento procede a emisión de informes técnicos e de legalidade, ou ao ratificación dos xa emitidos ao manterse o mesmo texto inicial de proposta do convenio; e elevar a proposta de texto definitivo para a súa aceptación, reparos ou renuncia pola entidade propoñente; e a súa aprobación (ratificación) do texto definitivo do convenio polo órgano competente.

#### II.IV- Procedemento

O RLSG adica os artigos 401, 402 e 403 á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos.

Deste xeito, finalizado o prazo de información pública, do xeito e co resultado que se indicou nos previos antecedentes de feitos, e ao non presentarse escrito de alegación algún, procede, propor ao Consello da XMU, a aprobación (ratificación) do texto definitivo de convenio.

Tramitación restante:

- Sinatura do texto definitivo nos quince días seguintes a súa aprobación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

- Publicación do acordo de aprobación do convenio e do texto asinado no DOGA.
- Anotación do convenio no Rexistro de Convenios e copia o Arquivo de Convenios.

### II.V.- Órgano competente

A competencia para a adopción do presente acordo, reside na Xunta de Goberno Local (artigo 3.6 dos Estatutos da XMU (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

Por canto antecede proponse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, previo dita do Consello da XMU, a adopción do seguinte,

### ACORDO

PRIMEIRO. Entender definitivamente aprobado o texto inicial de Convenio, que figura como anexo a presente proposta, co seguinte título, PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ENTRE AXERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL "PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL" PARA A ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN CONXUNTA DO ESPAZO DE CESIÓN E DO ESPAZO PÚBLICO, VINCULADO A LICENZA DO EDIFICIO SITO NA RÚA URZÁIZ 136-138."

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ENTRE A XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL "PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL", PARA A ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN CONXUNTA DA API DO ESPAZO DE CESIÓN E DO ESPAZO PÚBLICO, VINCULADO A LICENZA DO EDIFICIO SITO NA RÚA URZÁIZ 136- 138

En Vigo, a X de novembro de 2023

### REUNIDOS

Dunha parte, **D<sup>a</sup> MARÍA JOSÉ CARIDE ESTEVEZ**, Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e vivenda do **Concello de Vigo** (Res. do 04.07.2023), asistida pola Técnica de Admon. Xeral de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión (Resolución de delegación do 08.05.2015) aos efectos de asesoramento e dación de fe do presente negocio xurídico.

Doutra parte, **D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ**, DNI nº 35998202M , en nome e representación da entidade **PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ, SL.** con domicilio social na Rúa Jenaro de la Fuente núm. 6-7ºA, e C.I.F. Número B36.686.228; constituída por

tempo indefinido en escritura autorizada polo Notario de Vigo Roberto Martínez Martínez o día 06.03.1989, baixo o número 918 do seu protocolo. Inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, ao folio 46 do libro 742 de sociedades, inscrición 1ª da folla número 10.214.

Exerce a súa representación en virtude da súa condición de Administrador solidario da sociedade mencionada, segundo consta na escritura de adaptación dos seus Estatutos segundo escritura pública autorizada polo notario de Vigo Roberto Martínez Martínez o día 23 de abril de 1997, ao número 1.489 da súa orde, cargo para o que foi reelixido por tempo indefinido,

As partes, na condición na que interveñen, recoñécense capacidade necesaria e representación suficiente para formalizar o presente Convenio, a cuxo fin,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** O Concello de Vigo no ámbito das súas competencias, ao amparo do disposto no artigo 165 da Lei 10/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, poderá celebrar convenios urbanísticos con particulares coa finalidade de colaborar e desenvolver de maneira máis eficaz a actividade urbanística.

**Segundo.-** Con datas 26.02.2020 e 14.06.2021, a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo ditou senllas Resolucións polas que, se autorizou a entidade “Promociones Domingo Fernández, S.L.” a licenza de construción dun edificio sito na rúa Urzaiz 136-138 (Expediente municipal núm. 101856/421).

A resolución de data 14/06/2021 da licenza para a construción dun edificio sito na rúa Urzaiz 136, solicitada por “Promociones Domingo Fernández SL, acordou:

*Primeiro.- Autorizar o proxecto reformado do básico autorizado por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020, redactado polos arquitectos D. Santiago Castro Paz e Francisco D. Javier Mariño Mendoza con data 16/03/2021*

*Segundo.- Manter firme a resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020 no que non resulte modificado pola presente.*

A resolución da concelleira de data 26/02/2020 levaba implícita o deber de:

*“ceder para o aproveitamento público interior (API), 686,00m2 de uso en superficie totalmente urbanizados (acta de liña e rasante 17048/411).*

*Tal cesión, libre de cargas e gravames de todo tipo, realizarase en escritura pública notarial ou documento público administrativo e achegará un plano de situación e outro de deslinde, documento que se inscribirá no Rexistro da propiedade no prazo máximo de tres meses”.*

En trámite posterior, tras ser detectado un erro, consta no expediente informe técnico de data 10/03/2020 no que se corrixe a superficie de cesión a 683,00 m2.

O resto da zona pública existente comprende una superficie de 1038,80 m2.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

**Terceiro.-** En cumprimento de dito deber urbanizador, con data 9/03/2023 e 05/10/2023 o promotor achegou á Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo os documentos n.º 230062846 e 230309679, consistente no “*PROYECTO URBANIZACIÓN DEL ESPACIO DE CESIÓN DE URZAIZ 136-138*”, redactado conxuntamente polos Enxeñeiros Industriais, Antonio Reboreda Fernández, Antonio Reboreda Martínez e Beatriz Pérez Ribas, colexiados nº 2217, 492 e 2225 do ICOIIG, e os Arquitectos, Santiago Castro Paz e Francisco Javier Mariño Mendoza, colexiados 1225 e 2608 do COAG, asinado en marzo de 2023, e visado nº 20230664 o 08/03/2023 polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia.

Neste proxecto, o promotor do edificio -Promociones Domingo Fernández SL- expón a posibilidade dunha intervención conxunta en ambas zonas do API, a zona de cesión obrigatoria (683,00 m<sup>2</sup>), e a zona pública colindante (1038,80 m<sup>2</sup>), en total, 1721,80 m<sup>2</sup>, que permita ordenar e dotar de coherencia estética e funcional á súa totalidade co obxectivo de acadar unha rexeneración completa do API que redunde no beneficio común de todos os interesados. Este proxecto, que foi informado o 26/04/2023 polo Enxeñeiro municipal adscrito ao servizo de Urbanización e Infraestruturas e que foi consensuado co servizo de electromecánicos do Concello de Vigo, forma parte do proxecto de execución do edificio.

**Cuarto.-** Por tanto, á vista da proposta de ordenación e execución da urbanización do API contida nos documentos 230062846 do 9/03/2023 e no 230309679 do 5/10/2023, non só se ordena e urbaniza a superficie de cesión vinculada na licenza (683,00 m<sup>2</sup>), se non que esta actuación se estende tamén ao resto da superficie pública colindante (1038,80 m<sup>2</sup>). Esta superficie, que presenta na actualidade un uso residual, está minimamente urbanizada e conta con un baixo nivel de mantemento.

Dende un punto de vista técnico, esta semella unha solución axeitada dado que a pequena superficie das dúas partes do API non permite tratalos como elementos autónomos e funcionalmente independentes e, a máis, estar moi condicionada pola necesidade de garantir os accesos aos garaxes e espazos residuais existentes. A proposta tenta sacar partido a estes espazos e tratalos de forma homoxénea.

A ordenación do espazo interior ten como obxectivo principal establecer a conexión peonil accesible entre as rúas Urzaiz e San Roque, actualmente inexistente, respectar as entradas e cotas dos garaxes das comunidades de propietarios de Gregorio Espino 29 e San Roque 113, 115 e 117 e revitalizar os espazos residuais actuais nun recorrido peonil atractivo e urbanizado cos estándares actuais, o que tan só pode facerse dende unha proposta conxunta.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

**Quinto.-** O presuposto de execución material do proxecto ascende a 280.589,38€, dos que a urbanización da parte pública representa 126.128,45€. Pola súa banda, o presuposto de execución por contrata ascende a 404.020,65€, dos que a urbanización da parte pública representa 181.612,35€.

Porén, e co gallo de salvagardar o interese público, recálculouse o presuposto das obras axustado as bases de prezos municipais da concellería de Fomento. O presuposto de execución material, así calculado, ascende a cantidade de 259.100,79€, dos que a urbanización da parte pública representaría 113.107,49€, . Pola súa banda, o presuposto de execución por contrata ascende a 373.079,23€, dos que a urbanización da parte pública representaría 162.863,47€.

Nesta situación, o Concello debería asumir un máximo de **162.863,47€** que corresponderían ao custe de urbanización da parte pública segundo os prezos da base municipal. De calquera xeito, esta cantidade representaría un máximo de inversión, determinándose a aportación real do Concello como resultado da confección das certificacións acreditativas do custo das obras realmente executadas, Pola súa parte, o promotor asumiría o custo íntegro de urbanización da zona de cesión e calquera desviación sobre a aportación máxima anteriormente definida.

En virtude do exposto e como conclusión do proceso de negociación e colaboración na busca de solucións axeitadas, as partes consideran conveniente para o interese público a subscripción do presente Convenio

### ESTIPULACIÓNS

#### **Primeira. Efectos e obxecto do Convenio**

O artigo 86.1 da LPAC sinala, "(...) as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule (...)”

A disposicións legais que regulan os Convenios urbanísticos no ámbito autonómico de Galicia son o TRLS a LSG e o RLSG. O artigo 9.8 do TRLS refírese aos convenios urbanísticos nos seguintes termos, "(...) Os convenios ou negocios xurídicos que o promotor da actuación celebre coa Administración correspondente, non poderán establecer obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo dos propietarios afectados. A cláusula que conteña estas regras será nula de pleno dereito (...)”

De conformidade co previsto nos artigo 165.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no artigo 398.1 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o seu Regulamento, as administracións públicas poderán celebrar convenios urbanísticos con persoas públicas ou privadas, **coa finalidade de colaborar e desenvolver de maneira máis eficaz a actividade urbanística, ao facilitar una intervención que mellorará o espazo publico e axilizará a execución do planeamento ,mediante un acordo de**

**financiamento de tal actuación.**

**Segunda. Obrigas das partes.**

A) Obrigas da “PROMOCIONES DOMINGO FERNANDEZ SL.”

“PROMOCIONES DOMINGO FERNANDEZ SL .” asume os seguintes compromisos:

1. Abonar integramente os custos de redacción do “*PROYECTO URBANIZACIÓN DEL ESPACIO DE CESIÓN DE URZAIZ 136-138*”, redactado conxuntamente polos Enxeñeiros Industriais, Antonio Reboreda Fernández, Antonio Reboreda Martínez e Beatriz Pérez Ribas, colexiados nº 2217, 492 e 2225 do ICOIIG, e os Arquitectos, Santiago Castro Paz e Francisco Javier Mariño Mendoza, colexiados 1225 e 2608 do COAG, asinado en marzo de 2023, e visado nº 20230664 o 08/03/2023 polo Ilustre Colexio Oficial de Inxeñeiros Industriais de Galicia, e presentado no Rexistro electrónico da Xerencia Municipal de Urbanismo Vigo con data 09.03.2023 ( Doc. Núm. 230062846 e 05.10.2023 (Doc. Núm. 230309679).
2. Contratar as obras de execución do citado Proxecto e a dirección técnica necesaria para a súa execución.
3. Realizar ditas obras conforme ao proxecto aprobado e conforme aos prazos de execución nel previstos cos axustes necesarios no caso de que aparezan partidas non definidas no proxecto ou imprevistos.
4. Garantir ao Concello de Vigo a idoneidade do espazo de cesión e espazo público existente, para proceder á súa recepción libres de cargas e gravames.
5. Garantir ao Concello de Vigo a non utilizar para a execución da obra terreos distintos aos que xa fosen propiedade do Concello. No seu caso, calquera outra ocupación temporal que considerase necesaria ou conveniente para a súa execución será pola súa conta exclusiva, tanto ás autorizacións que foren necesarias para iso, como aos seus eventuais custos.

B) Obrigas do CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo asume os seguintes compromisos:

1. A Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo supervisará a correcta execución das obras conforme ao proxecto aprobado.
2. Por a disposición de “PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL” o terreo público de 1038,80 m2 que configura o espazo público da Rúa San Roque núm. 115.
3. Recibir a obra executada conforme ao proxecto técnico aprobado.
4. Abonar a “PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL” o importe correspondente ao custe de urbanización da parte pública segundo os prezos da base municipal, que suma un total



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

de **CENTO SESENTA E DOUS MIL OITOCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (162.863,47€)**. Esta cantidade representa o máximo de inversión municipal, que deberá corresponder e coincidir co contido das certificacións acreditativas do custo das obras realmente executadas, Pola súa parte, o promotor asumirá o custo íntegro de urbanización da zona de cesión e calquera desviación sobre a aportación máxima anteriormente definida.

5. Abonar a “PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL” o importe correspondente ao custo de urbanización da parte pública, dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra e a formalización da acta de recepción e cesión das obras de urbanización; e se se demorase, deberá abonar ao promotor, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (artigo 198.4 da LCSP).

6. Transcorrido o antedito prazo, os contratistas poderán reclamar por escrito ao Concello de Vigo o cumprimento da obrigaón de pago e, no seu caso, dos intereses de demora. Se, transcorrido o prazo dun mes, a Administración non contestase, entenderase recoñecido o vencemento do prazo de pago e a “PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL” poderán formular recurso contencioso-administrativo contra a inactividade do Concello de Vigo.

7. No suposto de modificacións propostas pola dirección facultativa da obra na execución das mesmas, que supoñan maior custe, tal importe será asumido na súa integridade por “PROMOCIONES DOMINGO FERNANDEZ SL”.

8. A recepción da obra nova, unha vez finalizada a execución do proxecto, producirase mediante a subscripción polo técnico municipal designado para o efecto da Acta de Recepción.

### **Terceira. Garantía das obras.**

“PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL.” garante a correcta execución das obras, establecendo a favor do Concello o prazo de garantía de dous (2) anos desde a súa recepción formal.

### **Cuarta. Cesión dos efectos derivados do Convenio.**

“PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL..” non poderá ceder os dereitos nin as obrigaóns que para ela derivan do presente Convenio, sen autorización previa e por escrito do órgano competente do Concello de Vigo.

Con independencia de que a empresa poida contratar total ou parcialmente a execución do Proxecto, ela asume exclusivamente a súa correcta execución fronte ao Concello, sendo da súa exclusiva conta calquera gasto que puidese ocasionar a súa contratación total ou parcial.

#### **Quinta. Tramitación do Convenio.**

O presente Convenio, que ten carácter administrativo, carecerá de efectos en tanto en canto non sexa aprobado definitivamente polo órgano municipal competente e asinado posteriormente. Tramitarase conforme ao procedemento previsto nos artigos 167 da Lei do Solo de Galicia e 401 e concordantes do seu Regulamento de Desenvolvemento.

#### **Sexta. Documentación que conforma o Convenio.**

Anexos ao presente Convenio:

- 1.- Documentación acreditativa da titularidade;
- 2.- Escrituras de representación da sociedade asinante;
- 3.- Resolucións de outorgamento de licenzas;
- 4.- Proxecto de urbanización do espazo de cesión de Urzáiz 136-138;
- 5.- Orzamento das obras elaborado coas bases de prezos municipais da Concellería de Fomento

#### **Sétima. Xurisdición competente.**

Os litixios que puideran xurdir como consecuencia da formalización, cumprimento, interpretación e extinción do presente Convenio someteranse á orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade, as partes, perante min, Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, asinan o presente Convenio por triplicado exemplar, en tódalas súas follas, no lugar e data sinalados no encabezamento, de todo o cal dou fe.

CONCELLO DE VIGO

PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ, S.L.

#### **23(290).- APROBACIÓN INICIAL DO “PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN PARA O NOVO ACCESO AO COLEXIO PÁRROCO DON CAMILO, EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA”. EXPTE. 18337/411.**

Visto o informe de fiscalización do 09/04/2024 e o ditame favorable do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 16/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/03/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno de Urbanismo, que di o seguinte:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Examinado o presente expediente, consistente na tramitación do «Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña» instrumento urbanístico de iniciativa pública, promovido por esta administración, e á vista da derradeira documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo polo arquitecto redactor, con data do 5 de febreiro de 2024,- Doc. Núm. 240043224- e 20 de febreiro de 2024 -Doc. Núm. 240063322, respectivamente, actualizada e refundida que substitúe e anula a anteriormente remitida, e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital, aos efectos de proceder á aprobación inicial do dito instrumento de planeamento, procédese á emisión do seguinte Informe con proposta de acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

### I.- Antecedentes e feitos

Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación nº. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008, o cal significou a reviviscencia do PXOM de 1993 nomeado de “*Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXO- 88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia*” aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993e BOP do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas.

O vixente PXOU93 clasifica os terreos do presente ámbito case na súa totalidade no solo urbanizable programado dentro do ámbito delimitado do Plan Parcial SUP PP 1 Igrexa B, sen desenvolvemento, e o resto como solo urbano na súa meirande parte cualificados coa ordenanza 3.3, na delimitación do solo de núcleo rural 0701 Igrexa C, e o resto fora das aliñacións destinados a viario (PO-552).

O Plan Xeral é un plan non adaptado nin a actual Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) nin á anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Polo tanto aplicaráselle a Disposición Transitoria 1ª apartado 2º da LSG, e o PXOU93 conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte as regras sinaladas nela.

Previa a oportuna tramitación e de conformidade co pautado na lei 9/2017, de contratos do sector público, con data do 04.03.2021, no eido das atribucións conferidas polo artigo 5.2 dos vixentes Estatutos desta XMU, o Xerente e o Secretario da XMU, validaron a proposta de formalización da contratación do servizo para a asistencia técnica correspondente á redacción do *Plan especial de infraestruturas e dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco D. Camilo en San Andrés de Comesaña* (Exp.12670/407).

En cumprimento do estipulado no amentado contrato administrativo, con data do 04.06.2021 o equipo redactor achegaba a través do rexistro electrónico da XMU, (Cod.Sol.W531585-8128 e Doc.Núm.210098276) documentación técnica consistente en: Borrador e documento ambiental Estratéxico do «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña».

Con data do 08.07.2021 a Vicepresidenta da Xerencia municipal de urbanismo ditou Resolución cuxa parte dispositiva reza como segue: *Primeiro.- Solicitar ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada do “Plan Especial de*

*Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña”, de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal), e ao abeiro do pautado no Capítulo I do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2021, do 21 de febreiro, e poñer a súa disposición a tales efectos xunto coa solicitude formulada o Borrador do Plan e Documento ambiental estratéxico, redactado por un equipo multidisciplinar configurado polos arquitectos Dª. Laura Pena Porto , D. Santos Vila González, e D. Ángel J. Santorio Cuartero (coordinador dos traballos), a técnica superior de urbanismo Dª. Paz Doblas Carrera e pola enxeñeira medioambiental Dª. Noemí López Rodríguez, baixo a supervisión dos servizos técnicos desta XMU- entidade impulsora e promotora da presente actuación- e asinada dixitalmente con firma válida polo dito arquitecto- coordinador D. Angel J. Santorio Cuartero, con data abril de 2021.*

En cumprimento do resolto, procedeuse a dar traslado da dita Resolución, ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, xuntando o Borrador e DAE, solicitando o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal) e ao abeiro do pautado no Capítulo I, do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2021, do 21 de febreiro.

En cumprimento do peticionado, con data do 27.09.2021 ditouse Resolución pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña», no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao concluír que tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, posto que non se prevén efectos ambientais significativos e ao que se xunta os informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento, correspondentes aos seguintes organismo: Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, Instituto de Estudos do Territorio.

- O informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, sinala que, *“o obxecto do PEID é crear un novo acceso rodado e peonil ao CEIP Don Camilo, a través de solo clasificado como Solo urbanizable e Solo Urbano. **O PEID constitúe instrumento adecuado para ese obxecto, conforme co sinalado no artigo 183.1 do RLDG.**”*

- O informe do Instituto de Estudos do Territorio sinala que, *“O plan especial de infraestruturas non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que as obras que se pretenden executar son coherentes coas características paisaxísticas da contorna, podendo supoñer unha mellora na paisaxe urbana da zona ao dotala dunha infraestrutura que reduciría a intensidade circulatoria nas vías de menor sección empregadas ata o de agora para o acceso ao CEIP”.*

A amentada Resolución publicouse no DOGA núm. 197, do 17 de outubro de 2021, mediante anuncio do 28.09.2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio climático.

Neste estado da tramitación, e logo da achega de sucesiva documentación técnica preceptiva para a aprobación inicial do presente instrumento de planeamento, en cumprimento de senllos requirimentos efectuados por esta administración, a vista dos informes técnicos emitidos as diversas achegas, con data do 05 de febreiro de 2024,- Doc. Núm. 240043224- e 20 de febreiro de 2024 -Doc. Núm. 240063322, o arquitecto redactor insería no rexistro electrónico desta Xerencia





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

municipal de urbanismo, documentación técnica completa e refundida relativa ao presente instrumento de planeamento, en soporte dixital, que anula e substitúe a anteriormente achegada, aos efectos de que se proceda a súa aprobación inicial.

Con carácter previo a aprobación inicial, e consonte a normativa de pertinente aplicación, reca-dáronse as seguintes consultas previas/ e os seguintes informes sectoriais:

- Consulta previa de AXI: Con data do 03.05.2022 a Axencia Galega de Infraestruturas emite informe relativo a consulta efectuada por esta Xerencia municipal de urbanismo, verbo da viabilidade do PEID, na que conclúen que, *se considera xustificada a proposta por tratarse dun acceso de interese público, ao estar vinculada a un centro educativo, (,,)A vista do que antecede, considérase xustificada a creación do acceso novo á estrada PO-552 no seu PQ 0+450, marxe esquerda, proposto para acceso na documentación do Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo remitida polo concello de Vigo e recibida o 08.02.2022, sen embargo o acceso debe adaptarse á normativa de aplicación, conforme ao indicado no apartado informe. En aplicación do artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo deberá ser remitido, con posterioridade á súa aprobación inicial, á Axencia Galega de Infraestruturas para o seu informe.*

- Informe do Director da Axencia Galega de Infraestruturas do 01.03.2023, en materia de servidumes acústicas.

- Informe favorable da Dirección Xeral de Aviación Civil do 05.12.2023, en materia de servidumes aeronáuticas,

Obran no expediente dixital de razón, a emisión dos seguintes informes técnicos municipais, de carácter favorable a actuación proposta.

- Informe da arquitecta de planeamento e xestión do 12.08.2022 relativo aos aspectos técnicos de planeamento

- Informe do enxeñeiro do servizo de urbanización e infraestruturas do 27.06.2022

- Informe da técnica de medio ambiente do 01.09.2022

- Informe do servizo de patrimonio do 21.09.2022

Finalmente, elevado o expediente a arquitecta adscrita ao servizo de planeamento e xestión, con data do 22.02.2024 emite informe técnico, á vista da derradeira documentación presentada, de carácter favorable (trámite 17 do expediente dixitalizado), a cuxo íntegro contido nos remitimos.

## II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

### II.1.- Normativa examinada

Plan Básico autonómico de Galicia, Decreto 83/2018, do 26 de xullo,

Plan de ordenación do litoral de Galicia, Decreto 20/2011 do 10 de febreiro,

Directrices de ordenación do Territorio, Decreto 19/2011, do 10 de febreiro,

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia), e as súas modificacións,  
L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,  
L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,  
L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,  
L.10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade,  
D. 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia,  
Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica,  
Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído,  
Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións,  
Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia,  
Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia,  
Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia,  
Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas,  
Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia,  
Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,  
LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),  
LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),  
Lei de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana- Lei 1/2019, do 22 de abril, e as súas modificacións,  
Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019),  
Lei de protección da paisaxe de Galicia, Lei 7/2000, do 23 de marzo, e as súas modificacións,  
Decreto 96/2020, do 29 de maio polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe,  
Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia,  
Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),  
PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,  
O instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019 , no expediente 16022/411,  
O resto de disposicións que puideran afectar,

## II.II- Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica

O 177.1 do RLSG dispón que, os plans especiais de infraestruturas e dotacións poderán planificar a implantación de dotacións urbanísticas de carácter público ou privado en calquera clase de solo, estean ou non previstas no plan xeral.

Os plans especiais de infraestruturas e dotacións, de conformidade co artigo 73 da LSG e artigo 183 do RLSG, teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento,



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nos termos da LSG e o RLSG.

Neste marco, o Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo é un plan especial non previsto no plan xeral; Deste xeito, no informe emitido en fase de consultas do 02.09.2021 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda se sinala que **“O PEID constitúe instrumento adecuado para ese obxecto, conforme co sinalado no artigo 183.1 do RLSG.”**

O presente PEID emprázase nos barrios de Tombo e Eidos, na parroquia de Comesaña entre o CEIP Párroco Don Camilo ata a estrada de Camposancos (PO-552) discorrendo nun eixo Noreste -Sudeste.

O PXOU93 clasifica os terreos do ámbito case na súa totalidade no solo urbanizable programado dentro do ámbito delimitado do Plan Parcial SUP PP 1 Igrexa B, sen desenvolvemento, e o resto como solo urbano na súa meirande parte cualificados coa ordenanza 3.3, na delimitación do solo de núcleo rural 0701 Igrexa C, e o resto fora das aliñacións destinados a viario (PO-552).

O Plan Xeral é un plan non adaptado nin a actual Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) nin á anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Polo tanto aplicaráselle a Disposición Transitoria 1ª apartado 2º da LSG, e o PXOU93 conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte as regras sinaladas nela.

Deste xeito, e no que atinxe ao ámbito e aos obxectivos da presente Modificación, remitímonos integramente ao reflectido no informe técnico do 22.02.2024, así como a Memoria do PEID que identifica o obxecto do PEID como a implantación dun novo acceso de comunicación viaria, rodada e peonil, ao CEIP Párroco Don Camilo dende a estrada de titularidade autonómica PO-552 a través de solo clasificado como solo urbano e solo urbanizable.

O PEID ven xustificado pola necesidade de dotar dun acceso rodado que garanta as condicións de seguridade viaria ao CEIP, dando resposta á necesidade concreta e urxente do centro escolar, á vista dos antecedentes e informes que constan no expediente.

A ordenación proposta establece a cualificación do solo como dotacional e non modificará a clasificación do solo, de conformidade cos artigos 70.5 da LSG e 178.2 do RLSG.

O solo destinarase a usos dotacionais de comunicación viaria e, en menor medida, de equipamento sociocultural de uso educativo (referido á ordenanza 3.3 de zonas culturais e sociais do PXOU93 vixente) libre de edificación, necesarios para servir de conexión e acceso desde o propio vial ata o centro escolar. O axuste no solo adicado a equipamento (ordenanza 3.3) da situación de orixe vese compensada na ordenación proposta coa zona sinalada de conexión co vial proxectado.

A proposta amosa un viario de sección transversal de 16 metros e de pendente máxima ao 12%, cuxo desglose de anchos/datos mínimos incorporase á ficha resumo de magnitudes da memoria. Así mesmo, a proposta incorpora un itinerario peonil adaptado, que acompaña o percorrido deste viario, cunha pendente que non supera o 6%, tendo en conta o disposto na normativa estatal en materia de accesibilidade, o cal garante a accesibilidade peonil dende a estrada autonómica PO-552 buscando adaptarse á topografía do ámbito.

O proxecto axusta a topografía actual ao longo do seu percorrido para facilitar o acceso ao centro escolar baixando a cota de chegada do viario ao CEIP. Neste senso, o PEID sinala que o deseño definirase ao promiudo no proxecto de urbanización e a definición xeométrica da actuación

e o seu acomodo mediante plataformas ou banqueos á topografía. Xa que logo, o proxecto de urbanización deberá prestar especial coidado nos bordes do ámbito delimitado e a resolución dos accesos ao CEIP mediante as solucións construtivas e vexetais precisas de topografía, materiais e vexetación que se adapten a este percorrido e eviten calquera impacto visual, con respecto á normativa vixente.

Esta nova infraestrutura viaria se plantexa como un elemento de oportunidade de cara ao futuro, reflectida no desenvolvemento do planeamento, xa que á vez que se incorpora un viario rodado de acceso e saída dos espazos escolares e deportivos do CEIP á estrada autonómica que aumentará a seguridade viaria na área, o itinerario peonil proxectado poderá integrarse nunha futura zona verde (prevista nos estándares da LSG incorporadas na ficha de xestión do ámbito do PXOM aprobado provisionalmente) que sirva de conector entre ela, o equipamento escolar e as súas instalacións deportivas e de lecer.

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 72 da LSG e nos artigos 177, 178, e 180 a 181, así como o artigo 184 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

### II.III.- Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación

O Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, que neste intre se somete a aprobación inicial, consiste na documentación técnica presentada no Rexistro xeral desta XMU con datas do 5 de febreiro de 2024,- Doc. Núm. 240043224- e 20 de febreiro de 2024 -Doc. Núm. 240063322; Sobre a suficiencia e conformidade da documentación técnica *supra* relacionada e da ordenación proposta, informou con data do 22.02.2024 a arquitecta adscrita ao servizo de planeamento de desenvolvemento e xestión, no que conclúe que, **o PEID incorpora a documentación requirida no artigo 184 do RLSG e ten o grao de precisión adecuado aos seus fins.**

Nesta liña de análise, e en atención ao sinalado pola arquitecta municipal verbo do pronunciamento xurídico respecto á incorporación dun resumo executivo a documentación achegada, non procede, toda vez que a aprobación inicial do presente PEID non supón a “alteración da ordenación vixente no ámbito, dado que será o propio PEID o que a estableza, nin require da suspensión de licenzas no mesmo (artigos 86.4 do RLSG, art. 349 RLSG en relación aos artigos 95 e 18 LSG e 27.2, 28.1 e 205 RLSG).

Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos do presente PEID, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, deberá ser informado pola interventor municipal, para a súa consideración polo órgano competente na adopción do acordo que proceda.

### II.IV. Formulación e Tramitación

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento de desenvolvemento, estipula que os plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

O presente PEID, ten a natureza dun instrumento de desenvolvemento non previsto no PXOM/1993, poren a súa tramitación e aprobación axustarase as regras establecidas no artigo 75 da LSG e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento, do xeito que segue:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Aprobación inicial, polo órgano municipal competente e sometemento a información pública, como mínimo durante dous (2) meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Asemade notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cando con posterioridade ao trámite de información pública, se pretenderan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abriase un novo trámite de información pública.

Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.

A aprobación de plan especiais non previstos no plan xeral, requirirá en todo caso, a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refire ao control de legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais.

Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que foran pertinentes, someténdoo co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu preceptivo informe, que terá que ser emitido nun prazo de dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería, transcorrido dito prazo sen que se tivese comunicado o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.

Cumprimentados os anteditos trámites, o Concello procederá a súa aprobación definitiva.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

### II.V. Da aprobación inicial

A aprobación inicial ten un carácter de trámite unanimemente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben esta é esencial, en canto inicia o procedemento e ademais, no senso de que a súa omisión, ou incluso incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante de anulabilidade do procedemento (artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas). A súa vez dito acto de aprobación inicial, implica unha toma de posición sequera de carácter inicial, respecto dunha determinada realidade urbanística e da súa normativa.

## II.VI. Órgano competente

A competencia para aprobar inicialmente o «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña», corresponde á Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos Estatutos da XMU).

Por canto antecede,- sen prexuízo do informe a emitir polo Interventor xeral municipal de ser este o caso, verbo do estudo económico así como a Memoria de viabilidade económica (art. 12.4 do TRLSRU e art. 58 LSG)- e de conformidade cos informe técnicos que obran no expediente, que se incorporan ao texto da presente e lle serven de fundamentación, consonte ao disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

**PRIMEIRO:** Prestar aprobación, con carácter inicial ao «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña », instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 05 de febreiro de 2024,- Doc. Núm. 240043224- e 20 de febreiro de 2024 -Doc. Núm. 240063322, actualizada e refundida, achegada en soporte dixital, elaborada con data xaneiro de 2024 polo arquitecto Angel Jaime Santorio Cuartero.

**SEGUNDO:** Someter a información pública o presente expediente, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de senllos anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente.

Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coas características do ámbito e consonte á normativa urbanística e sectorial de aplicación; en todo caso, informe de estradas de Galicia por estar suxeita ás afeccións da estrada PO-552 de competencia autonómica, informe en materia de patrimonio, (artigo 34 da LPCA)

Á vista do resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de Modificación as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG.

**TERCEIRO:** O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/), e no Portal de Transparencia.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(291).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL “ESPACIO DE OCIO DE LAVADORES 2024”. EXPTE. 9866/336.**

Visto o informe xurídico do 20/03/2024 e o informe de fiscalización do 11/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e conformado pola concelleira-delegada de Xuventude e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES** dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento das actividades de dinamización infantil e xuvenil para nenos e nenas de educación primaria (6 a 12 anos) e a realización de actividades lúdicas en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade. O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil dende o **21 de novembro de 2023 ao 20 de novembro de 2024**.

O Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas

familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Este programa será levado a cabo nas instalacións da asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización destas actividades.

Que o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.02 cunha dotación de 28.000,00 €, destinada a tal fin.

Que a presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificando polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. En xuño, a partir das vacacións escolares e en xullo, o horario será de 09:30 a 13:30 h, excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo.

A asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores destinará á actividade un mínimo de dúas persoas que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores dende o **21 de novembro de 2023 ao 20 de novembro de 2024**. Esta subvención cun importe de 28.000,00 € establécese a través dun convenio coa Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .*

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, dona **MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO**, na súa calidade de **CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO**, na representación legal do mesmo, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 que aproba o texto consolidado de competencias da XGL nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados/as de competencias; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron concedidas por razón do seu cargo.*

*Doutra, **D. ANTONIO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ**, con DNI: 53187380B, en calidade de presidente da **ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES** (en adiante A ASOCIACIÓN), con CIF: G36633618 e enderezo social na Rúa Ramón Nieto, nº 302, Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 9645-336.*

*Recoñécéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.*

### **MANIFESTAN**

*I.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos/as veciños e veciñas en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir.*

*Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de dinamización infantil e xuvenil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

**II.-** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) dá Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 80 dá lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.

**III.-** Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a ASOCIACIÓN, referida ao desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

**IV.-** Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN.

**V.-** Que a ASOCIACIÓN non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

**VI.-** A presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificadolo polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

**VII.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia o convenio será o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

*O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento das actividades de dinamización infantil e xuvenil para nenos e nenas de educación primaria (6 a 12 anos) e a realización de actividades lúdicas en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

#### **SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES**

*A ASOCIACIÓN comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:*

- 1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.*
- 2.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, no inmovible denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas.*
- 3.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade.*
- 3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das nenas e nenos destinatarios a través do xogo e de actividades lúdicas.*
- 4.- Favorecer a participación e a integración social das persoas destinatarias, así coma das súas familias.*
- 5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.*
- 6.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.*
- 7.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.*

8.- Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos así como promover a coeducación para previr a violencia de xénero.

Pola súa banda, o **CONCELLO DE VIGO**, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a través da supervisión das mesmas polo persoal técnico do Servizo de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 28.000 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de dinamización infantil no ano **2024**.

### **TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio enténdese vixente e sorte efectos **desde o 21 de novembro de 2023 ao 20 de novembro de 2024**, polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.

O presente convenio non será prorrogable.

### **CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 37.390,17 TRINTA E SETE MIL TRESCENTOS NOVENTA EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS).

O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de **28.000,00 € (vinte e oito mil euros)**.

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.02 Subvención espazo de ocio infantil de Lavadores o vixente presuposto municipal.

### **QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A ASOCIACIÓN deberá destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e indemnidad sexual.*

*A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.*

*A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.*

*A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.*

### **SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA**

*O prazo de xustificación **finalizará o 20 de novembro de 2024**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).*

*En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.*

*Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.*

*A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.*

*A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterá con carácter xeral a seguinte documentación:*

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- b) **Memoria económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:*

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se achen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *Facturas electrónicas e/ou copias dixitadas compulsadas das facturas en papel.*
- *As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE**

*A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.*

*O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.*

*A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integramente en idioma galego.*

#### **OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN**

*O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria. Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.02.*

- *A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (14.000 €).*
- *O 50% restante por importe catorce mil euros (14.000€), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.*

*Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.*

*Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

### **NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN**

*A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.*

*Non poderán ser subcontratista as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei*

### **DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

*Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos a subvencionar os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **21 de novembro de 2023 e o 20 de novembro de 2024**. O IVE soportado, que deberá constar desgalgado, será a subvencionar cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.*

*Serán gastos directos a subvencionar os que figuran a continuación:*

*a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.*

*b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.*

*c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades*

*d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.*

*En relación cos **gastos indirectos** ou gasto xerais da Asociación (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, Internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.*

*Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.*

*Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.*

*Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.*

*Cando o importe do gasto a subvencionar supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.*

*Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.*

*En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.*

*De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.**

*A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:*

- 1. Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos termos do presente Convenio.*
- 2. Presentar mensualmente o programa das actividades a desenvolver, nos primeiros cinco días do mes seguinte.*
- 3. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.*
- 4. Someterse ás actuación de comprobación e facilitar canta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.*
- 5. Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

6. *Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de responsabilidade. A tal fin, deberá*
7. *contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.*
8. *Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
9. *Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.*

### **DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

*Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.*

*Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

### **DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

*A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.*

*O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar*

*incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.*

*O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.*

#### **DÉCIMO QUINTA .- REINTEGRO**

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.*

#### **DÉCIMO SEXTA .- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

*En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

*De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevenidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustificuen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedinte da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedinte e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.*

*O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

### **DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

*De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución: motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:*

- 1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.*
- 2. Acordo unánime de todos os asinantes.*
- 3. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.*
- 4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio*
- 5. Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.*

### **DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

*A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e*

*comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria*

*Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.*

### **VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

*Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.*

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquídaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.*

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:**”Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil entre o Concello de Vigo e o Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores, que se achega ao presente expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 28.000,00 EUROS a favor da entidade Asociación Veciñal de Lavadores CIF: G36633618 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do vixente orzamento.

**TERCEIRO:** Que se libre a cantidade de 14.000 EUROS correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 EUROS) á finalización do mesmo por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada. Ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

### ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adxudicación da contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (APT E VPT); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo. Expte. 43010/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **25(292).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA ESPECIALIZADA PARA A ANÁLISE E VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (APT E VPT); AVALIACIÓN DE SUFICIENCIA DOTACIONAL E ANÁLISE DE ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS E FUNCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 43010/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 18/04/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 17/04/2024, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 7 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (APT e VPT) con perspectiva de xénero; avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expediente electrónico nº 43.010/220).*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación en data 16/10/2023.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos P.D. (delegación do 30.10.23) en data 13/11/2023.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe de 64.994,78 euros, correspondendo un importe de 53.714,69 euros ao prezo do contrato e un importe de 11.280,09 euros ao IVE (aplicado o tipo impositivo do 21,00 %) segundo o contemplado na memoria económica.*

*O gasto imputarase o 70% ao orzamento do ano 2024, por unha contía de 45.496,35 euros, e o 30% ao Orzamento do ano 2025, por unha contía de 19.498,43 euros.*

*En cumprimento do previsto no artigo 174 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, a autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarse ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos. De non preverse o gasto comprometido no exercicio orzamentario, deberá producirse un axuste de anualidades.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

*O expediente, ao amparo do previsto no artigo 117 da LCSP, Lei 9/2017, tramítase como anticipado de gasto.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 21 de marzo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 21 de marzo de 2024 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. neste procedemento.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	Puntuación
1	NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L.	82,00 puntos
2	GRUPO GALEJOBS, S.L.U.	21,55 puntos

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., o día 22 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na súa sesión de data 11 de abril de 2024 acorda conceder un prazo de tres días a NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. para que puidera emendar a acreditacións dos medios persoais e os anexos IV e V.

Durante o prazo concedido, a licitadora presenta a documentación requirida o 15 de abril de 2024.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- A escritura de constitución da licitadora, o NIF e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (22.748,17 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (22.748,17 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Xustificante de ingreso por un importe de 1.632,75 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 17 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1665/1102

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 de xaneiro de 2024 e 20 de marzo de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 39.512,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.857,55 euros.*
- b) *Estudios específicos de APT e VPT realizados polo responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato nos últimos 5 anos, a maiores do establecidos na solvencia relativa aos medios persoais (5):*
  - *Responsable do proxecto: 15 (nº) estudos específicos de APT e VPT.*
  - *Técnico: 15 (nº) estudos específicos de APT e VPT.*
- c) *Estudios específicos de APT e VPT realizados polo responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato en colectivos de máis de 100 persoas:*
  - *Responsable do proxecto: 8 (nº) estudos específicos de APT e VPT en colectivos de máis de 100 persoas.*

- *Técnico: 8 (nº) estudos específicos de APT e VPT en colectivos de máis de 100 persoas.*
- d) *Maior experiencia do responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato con respecto ao mínimo esixido como solvencia técnica (5 anos):*
  - *Responsable do proxecto: 30 (nº) de anos de experiencia.*
- e) *Formación universitaria e non universitaria de especialización en recursos humanos, a maiores da esixida nos medios persoais, do responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato:*
  - *Formación non universitaria especializada de ata 50 h:*
    - *Técnico: posúe formación non universitaria especializada de ata 50h.*
  - *Formación non universitaria especializada superior a 100h:*
    - *Técnico: posúe formación non universitaria especializada superior a 100h.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(293).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez